

friol

O GES realizou case 800 intervencións durante o pasado ano. **Páx. 12**

begonte

Remata unha exitosa edición do belén coa entrega de premios. **Páx. 20**

a pastoriza

O Castro de Saa retoma os traballos cunha nova escavación. **Páx. 21**

rábade

A vila prepárase para unha edición moi especial do Máster de fútbolín. **Páx. 23**

cospeito

A Moexmu gaña o premio Aresa no seu 40 aniversario e avanza novidades. **Páx. 26**

Días de grelo e disfraces

Abadín e As Pontes prepáranse para vivir as súas feiras na honra deste produto de tempada mentres todos os concellos arrancan co Entroido



Vilalba aproba un orzamento de 13,2 millóns

Son as primeiras contas públicas que saen adiante nos últimos catro anos. **Páx. 2**

Analizamos as eleccións galegas polo miúdo

O 18 de febreiro serán os comicios nos que se escolle ao presidente galego. **Páx. 15-18**

Xa hai programa do FIV



A organización do festival fixo público o listado de artistas participantes. **Páx. 2**

A Xanela das Pontes



Falamos con responsables do colectivo sobre o seu traballo diario. **Páx. 7**

Btteando e Guitiriz en Ruta



Volven as actividades BTT e as camiñadas un domingo ao mes. **Páx.14**

Volve ao Pleno da Deputación a Sanidade

Esixe á Xunta que poña fin “á destrución da sanidade pública” con investimentos. **Páx. 28**

NOVALUX
óptica & centro auditivo

Rúa Plácido Peña, 9, Bajo Vilalba
982 51 01 00
Av. Galicia, 91, As Pontes
981 451 504

2X1
PARA TÍ OU
PARA QUEN TÍ
QUEIRAS

O FIV 2024 presenta a súa programación



A organización do FIV 2024 xa presentou o cartel, comezou coa venda de entradas e fixo público o reparto dos artistas nos dous días de celebración.

Deste modo, o venres 26 actuarán Dorian, veintiuno, Grande Amore, Mondra, Eme DJ e Señora DJ. Deixando para o sábado a Iván Ferreiro, El columpio asesino, Niña polaca, Lontreira, Serial Killers, a Banda de Música de Vilalba e Señora DJ.

Tras esgotarse os abonos promocionais e o segundo tramo de abono Fiver xeral nas primeiras horas de saída á venda, así como tamén o "abono Fiver" a 38 euros, xa está á venda o último cupo de abono xeral a 45 euros (máis gastos de xestión) na páxina web, así como un cupo limitado de abonos para os menores de dezaseis anos. Co desglose do programa, tamén están á venda as entradas por xornada.

A información sobre a acampada darase a coñecer proximamente a través das redes e a web.

"Con esta proposta musical volve-

mos a poñer o FIV no mapa, inaugurando a tempada de festivais. Estamos moi satisfeitos coa acollida recibida, xa que se vendeu a metade do aforo antes de publicar o cartel e o aloxamento leva semanas completo, demostrando a confianza e o entusiasmo que ten o público por esta cita", sinalou a organización do evento.

Pola súa banda, a Concelleira de Cultura Tamara Rodríguez explicou a súa decisión de "devolver o festival á súa situación orixinal", isto é a Praza da Constitución. "Queremos achegar a xente ao centro da vila coa intención de poñer en valor o noso casco histórico e favorecer ao noso comercio e hostalaría".

Rodríguez, que fixo especial fincapé na necesidade de camiñar cara un festival "sostible economicamente para o Concello" defendeu o formato de organización elixido para esta edición como unha fórmula que, mantendo intacta a esencia do FIV, "cumpre escrupulosamente cos criterios de rigor e responsabilidade presupostaria"

O Pleno aprobou os primeiros orzamentos en catro anos

O Concello de Vilalba aprobou en pleno un orzamento municipal para o ano 2024 de 13.253.403,37 euros. A alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, destacou "o claro acento social destas contas continuando na liña dos anos anteriores, destinando por exemplo máis de 3,3 millóns de euros ao Servizo de Axuda no Fogar e case 200.000 euros á escola infantil municipal".

A partida para o SAF será en concreto de 3.310.045,53 euros. O servizo, que conta con 143 traballadores, atende a día de hoxe a 311 veciños e veciñas (14.700 horas mensuais). "É unha prioridade para nós, pero non é comprensible que un concello como Vilalba destine máis de 3,3 millóns ao SAF", asegura a alcaldesa, que demanda "de forma urxente unha maior aportación por parte da Xunta, que debe asumir as súas competencias e non afogar desta maneira aos concellos".

De feito, dos máis de 13 millóns de euros do orzamento municipal, o concello conta con menos de 500.000 euros de libre disposición. Outra partida destacada este ano son os 1.592.320,75 euros destinados ao novo contrato de limpeza e recollida de lixo. O concello licitará en breve o servizo, con importantes novidades e melloras.

"Un orzamento social e realista, unhas contas pensadas por e para os veciños e veciñas de Vilalba, que tentan recoller na medida do posible as demandas da veciñanza e das distintas entidades do noso tecido asociativo, reforzando o noso plan de mellora continua de todos os



servizos e infraestruturas públicas", afirma Rouco.

A partida para apoiar ás organizacións e entidades culturais, deportivas e sociais con actividade en Vilalba ronda os 375.000 euros.

No capítulo de investimentos, o concello adianta que o orzamento será obxecto de varias modificacións de crédito durante o ano, unha vez resoltas as distintas convocatorias de subvencións e axudas solicitadas, ou o plan de obras da Deputación.

VILALBA ABERTA. "A última vez que se levou a Pleno unha proposta de orzamentos foi en marzo de 2019. No 2020, no 2021, no 2022 e no 2023, o Concello de Vilalba xestionouse cunhas contas prorrogadas e entendiamos como entendemos que esa situación non podía seguir un minuto máis", explicou no debate Modesto Renda.

Como voceiro de Vilalba Aberta dixo pleno tras pleno dende a bancada da oposición que a aprobación dun presuposto municipal "era unha obriga e unha responsabilidade de calquera

gobierno merecente dese nome". "Como candidato á Alcaldía comprométeme en campaña electoral que se Vilalba Aberta gobernaba habería uns novos orzamentos. No acordo de goberno que subscribimos co partido socialista a única liña vermella que puxemos enriba da mesa sempre foi a aprobación duns orzamentos", recalcou.

OUTROS ASUNTOS. Noutra orde de cousas, o pleno aprobou por unanimidade reclamar á Xunta que cumpra o acordo firmado en 2005 para a cesión de tres travesías, das que queda por arranxar a LU-119. Así mesmo, compareceu a concelleira de Cultura sobre as festas de San Ramón, que tiveron un custe de 128.000 euros.

A moción do BNG para a retirada do busto de Fraga de doutra simboloxía considerada antidemocrática acabou convertida en rogo e rematou co anuncio da creación dunha comisión de memoria histórica con representación de todos os partidos para estudar esta situación e acadar maior consenso.

**VOTA
BESTEIRO**

PSG/♥ PSOE

**DESTA
VAI!**

O Concello de Vilalba presenta a nova edición do Entroido

O Concello de Vilalba vén de presentar a programación da nova edición do Entroido que chegará ás rúas da vila o martes 13 de febreiro a partir das 16.30 horas, e na que o importe dos premios superará os 4.500 euros.

En concreto, serán cinco as categorías entre as que se repartirán os galardóns: individual infantil, individual adultos, parella ou trío, comparsas e grupos. Sendo esta última, unha novidade que o goberno local inclúe “como resposta ás peticións da veciñanza e dos participantes, que suxeriron a opción de diferenciar grupos de comparsas”, explicou a concelleira de Xuventude e Infancia, Paula Vigo.

Nesta liña, na categoría de grupos poderán inscribirse aqueles participantes cuxo grupo supere os tres integrantes e estea por debaixo dos once, que optarán a tres premios por un importe de 300, 200 ou 100 euros en función do posto acadado.

Pola súa banda, para inscribirse como comparsa será preciso agrupar como mínimo a once participan-



tes e neste caso haberá cinco postos no podio entre os que se repartirán case 2.000 euros: 700 para o primeiro premio, 500 para o segundo, 400 para o terceiro, 200 para o cuarto e 100 para o quinto.

Ademais, tamén para as comparsas haberá un bote de 1.000 euros a repartir entre todas as participantes que non resulten gañadoras, “para aportar unha axuda ao custe da confección e materialización dos disfraces”, explicou a alcaldesa, Marta Rouco, quen apuntou tamén que “ninguén quedará coas mans baleiras porque todos e todas os participantes poderán gozar dunha

saborosa merenda”.

“Dende o goberno local animamos a todos e todas a participar para que a nosa vila se engalane nunha data tan única como o Entroido, rodeada de tradición e cultura” sinalou Paula Vigo, cuxa dirección de correo electrónico (paula.vigo@vilalba.es) será a vía para que os participantes poidan inscribirse antes do luns 12 de febreiro ás 14.00 horas. Sendo preciso sinalar na mensaxe a denominación do disfraz, o nome do participante ou do representante do grupo/comparsa, a categoría na que se participa e o número de integrantes que a conforman.

OUTROS ENTROIDOS DO RURAL

NOCHE. Noche celebrará o Entroido o sábado 10 de febreiro, cunha festa infantil de disfraces na casa escola a partir das 17.00 horas. Contará con numerosas actividades para a mocidade como globoflexia, pintacaras, xogos circenses, photocall e baile coas diverpajas. Repartirase entre todos os asistentes chocolate con churros.

VILAPEDRE. En Vilapedre o Entroido será o sábado 17, na casa escola ás 21.00 horas. Consistirá nunha cea con produtos típicos que terá un prezo de 30 euros para público en xeral e de 20 para socios. Os menores de 12 anos pagarán 15 euros. Durante a noite haberá concurso de disfraces con premios e a sesión musical estará a cargo de Eventec.

VILALBÉS. O RC Vilalbés celebrará, como todos os anos, unha festa de Entroido, que terá lugar o luns 12 de febreiro, con sesión para pequenos e para adultos. Dará comezo ás 17.00 horas no salón do Restaurante Montero con baile infantil ata as 20.30 horas con sorteo de agasallos entre os asistentes. A partir das

22.00 horas está previsto o baile de adultos con sorteos, sempre que se acaden os cen asistentes.

CARBALLIDO. A XXI edición do Entroido e do seu baile de disfraces, está convocado para o sábado día 10. A xornada festiva dará comezo ás 14.00 horas cunha sesión vermú a cargo do grupo JB Son, grupo que tamén poderá escoitarse na verberna. Trala sesión vermú terá lugar a tradicional comida. Haberá concurso de disfraces con premios aos mellores e lémbrese que o campo da festa estará cuberto cunha carpa pechada e climatizada.

SANCOVADE. A localidade organiza unha festa de Entroido para o sábado 10 que contará co seu concurso de disfraces. Así, a celebración comezará ás 14 horas no campo de fútbol coa sesión vermú para despois ter un xantar popular. Pola tarde será o concurso, a partir das 18.00 horas, con premios nas categorías individual adulto e infantil e comparsas. A sesión estará amenizada por Puzzle Animación e sortearase unha cesta típica de Entroido.



EDUCACIÓN. Os centros de educación primaria do casco urbano de Vilalba, o CEIP Mato Vizoso e o CEIP Insua Bermúdez, recibiron a primeira sesión dos obradoiros de competencias emocionais dirixidos ao alumnado de 6º de primaria. Esta iniciativa basease na aprendizaxe e no desenvolvemento das habilidades intrapersoais e interpersoais que integran a intelixencia emocional.

Unha vía que une tres barrios en Oleiros

Modesto Renda anunciou a mellora e rexeneración integral dunha nova vía na parroquia de Oleiros.

Concretamente, os traballos realizáronse na vía que une os barrios de Gardamil, Cabanas e Liñares e estes financiáronse con cargo ó Plan de Mellora de Camiños Municipais.

“Estamos a falar dunha vía de máis de 5 quilómetros de lonxitude, que permitirá aos veciños e veciñas de Oleiros mellorar as súas conexións e que se vai completar con máis e novas actuacións en diferentes barrios da contorna”, explicou Renda.





CORBAR
MAQUINARIA

INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA



CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA

CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL



ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1,7 m³ Y 2,1m³



EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA



www.corbarsll.com

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!

NOVEDAD

RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsll.com

O PP acusa o abandono a máis de 50 asociacións

Os concelleiros do PP de Vilalba condenan que “o goberno local abandone a máis de 50 asociacións” tendo en conta que “na pasada anualidade non convocaron as axudas a entidades en réxime de concorrencia competitiva (por puntuación) e, polo tanto, quedaron sen poder optar sequer a ningún apoio por parte do Concello” naqueles casos nos que “non son asociacións beneficiarias das subvencións nominativas, as que determina o goberno de forma directa”.

A portavoz popular, Sandra López, advirte de que “segundo a proposta de orzamento que presenta o goberno bipartito, as subvencións nominativas a entidades asociativas nalgúns casos redúcense e nou-

tros, quedan sen nada”. Ademais, sinala que “o goberno de Vilalba non prevé tampouco nas contas partidas específicas para sufragar a convocatoria neste ano 2024 das axudas en réxime de concorrencia competitiva ás que se poden presentar as asociacións”. De feito, este será un dos asuntos polos que esixirán explicacións no vindeiro pleno.

“A falta de apoios ás asociacións trasládase tamén ás comisións de festas que deixarán de percibir os 1.200 euros cos que colaboraba o Concello cun goberno do PP a non recibir nada. Con isto demostran claramente a falta de interese polo rural en xeral e pola dinamización social en particular”, engade a popular.

Escola de Movemento amplíase cun grupo sénior e outro ‘diversity’

A Escola de Movemento de Vilalba formou este ano dous novos equipos que participarán na primeira fase do Concurso Nacional de Danza para Amateurs.

Trátase do equipo Sénior Gold, de maiores de 25 anos e o Diversity, formado por bailaríns con discapacidade e para todas as idades.

O evento terá lugar o 16 e 17 de marzo en Ourense, ao que acoden Galicia, Asturias, Cantabria, Castela León e Extremadura. Este concurso ten 4 fases iniciais nas que dividen España en 4 zonas xeográficas e só os que acaden o primeiro posto de cada fase pasan á gran final nacional, que desta volta será no mes de maio en Burgos.

Senior Gold é un grupo de 26 máis e avoas de nenas e nenos de



Movemento, no que unha parte delas participaron o curso pasado por primeira vez acadando un primeiro posto. Nesta edición levarán un Mix musical de Tina Turner que leva por título *Tina*.

Diversity é un grupo de 7 rapazas e

rapaces do Centro Ocupacional de Vilalba que este curso acoden a clase cada mércores e por primeira vez vivirán tamén a experiencia de enfrontarse a un xurado que valorará o seu esforzo. Eles defenderán a coreografía *Soy yo*.

EN BREVE

CERÁMICA. A Asociación de Veciños de Sancovade ten previsto celebrar un obradoiro de cerámica o 17 de febreiro con horario de 17.00 a 20.00 horas. A sesión estará ao cargo de Iria Pigueiras e realizaranse pezas de gres decorado mediante engobe e esgrafiado. As persoas interesadas en participar teñen de prazo ata o 11 de febreiro

GOIRIZ. O programa Xunt@s chega a Goriz. A primeira actividade terá lugar o xoves 8 de febreiro de 20.15 a 21.15 horas na Casa Escola Habanera de e continuarán á mesma hora, os xoves das 16 semanas vindeiras (ata comezos do mes de xuño). Son xornadas dirixidas a toda a poboación maior de idade e para as que non é necesaria a inscrición previa. Nesta ocasión tratarase sobre a promoción do deporte.

Renda espuxo a veciños de Pedrosa Latas a nova normativa urbanística

O tenente alcalde e responsable de Urbanismo de Vilalba, Modesto Renda, deu conta diante dos veciños e veciñas do Grupo de Vivendas Pedrosa Latas das marxes de edificabilidade que, para este conxunto, están previstas no modificado da normativa urbanística promovido polo Concello de Vilalba.

Na xuntanza tivo un papel fundamental o técnico redactor, Antonio de Vega, que foi convidado polo Concello a participar, co fin de que os veciños e veciñas tiveran a oportunidade de coñecer e preguntar de primeira man sobre as cuestións que lles afectan, antes de que o conxunto da documentación sexa enviada ás administracións competentes e



de que se debata no Pleno Municipal a súa aprobación provisional (a final corresponde á administración autonómica).

Unha destas esixencias foi, xustamente, catalogar este conxunto de vivendas, para as que agora se

contempla unha ampliación que, respectando a pendente de cuberta, permitirá ós propietarios/as que desexen reformar, desfrutar dunha vivenda adaptada aos estándares actuais, ao tempo que se salvagarda a tipoloxía preexistente a conservar.

Facilitan o transporte adaptado a un neno despois dun ano

A Xunta facilitará o servizo de transporte escolar adaptado a un neno de Alba, en Vilalba, tras valorar os últimos informes emitidos que achegan un novo diagnóstico do alumno, que cursa os seus estudos nun colexio de educación Infantil e Primaria da capitalidade.

A Xunta acordou coa familia esta alternativa, ao considerar que se axeita á situación persoal do alumno. Para iso, faranse axustes nunha ruta de transporte escolar adaptado con coidador que xa está prestando servizo e que parará xunto á vivenda para levalo e traelo do colexio. Esta solución chega o mesmo día que o asunto se tratou no Pleno a e despois dun ano desde que se presentou a primeira solicitude.

ESTAS REBAIXAS QUE NON CHE TOQUEN A FIBRA

Engade AdamoTV por 3€ máis

1.000 Mb

20 GB

30€ /mes

ATÉ/mes

Durante 1 ano

adamo

Fibra · Móbil · Fixo · TV

La fibra de Andy y Lucas

Chama gratis ao 900 651 679 ou configura o teu pack personalizado en adamo.es

Oferta válida para novos clientes que non contrataran ningún servizo ou produto de Adamo nos últimos 3 meses desde a data de inicio desta promoción e que contraten entre o 08/01/2024 e o 31/03/2024, ambos incluídos. Promoción non combinable con outras promocións. Esta promoción inclúe: (1) Servizo de acceso a internet Fibra 1.000 Mb + Móbil 20 GB durante os 12 primeiros meses a 30€/mes e, posteriormente, a 41€/mes (ambos importes con IVE e cota de liña incluídos). Esta promoción non inclúe a cota de activación, por importe de 12.104 (IVE incluído), que lle será cobrada na primeira factura. Si inclúe a instalación de router premium. Servizo suxeito a permanencia durante 18 meses desde a súa contratación. En caso de cancelación anticipada do servizo, aplicarase o custo de 163,35€ (IVE incluído) de forma proporcional aos meses restantes do período de permanencia. Líñas de móbil adicionais limitadas a un máximo de 4 por cliente.

O Concello de Vilalba renovará o parque infantil da rúa Emigración

Unha das próximas actuacións do Concello de Vilalba será a renovación das instalacións do parque infantil localizado na Rúa da Emigración.

As obras, que supoñerán a colocación dunha corda tirolesa de 25 metros de lonxitude, faranse co obxectivo de "integrar as instalacións no entorno urbano e axustarse á normativa vixente", segundo explicou a alcaldesa, Marta Rouco, que tamén sinalou que "grazas á redistribución do espazo a veciñanza disporá dun novo emprazamento para o lecer dotado de bancos".

O Concello procederá á demolición e retirada do actual pavimento amortecedor e ás soleiras de formigón que conforman a súa base, para logo instalar un novo pavimento de seguridade con acabado de céspede artificial, que se integrará á perfección



co céspede natural.

A ditas modificacións, súmase a reparación e reinstalación dos xogos existentes, que se complementará co cambio de localización do mobiliario co que conta actualmente o parque infantil. Deste xeito, a instalación adaptase á nova estrutura prevista e facilitarase o acceso aos

distintos xogos dos que disporán os nenos e nenas.

Finalmente, colocarase unha valla perimetral de madeira que deixará libre o actual acceso dende a rúa Nova Cazón, engadindo dúas novas entradas na rúa da Emigración e na rúa de Ribadeo mediante unhas soleiras de formigón.

Queixas pola falta de médicos e as esperas no centro de saúde

O Concello apoia as demandas e as queixas veciñais pola situación do centro de saúde, con baixas de médicos de familia sen cubrir e atrasos prolongados en probas e consultas. "Falamos dun servizo público esencial e calquera persoa usuaria do centro de saúde de Vilalba é testemuña dos recortes e os atrasos", asegura a alcaldesa, Marta Rouco, que apoia o traballo dos profesionais do centro e pídelles á Consellería de Sanidade da Xunta "que cubra as prazas vacantes por baixas ou xubilacións e busque solucións urxentes para as listas de espera". A situación que levantou as principais queixas cando un dos médicos da quenda da tarde estaba de

baixa e sen substituído; outro de vacacións, que se xubila en febreiro, e unha terceira baixa foi cuberta, pero a persoa substituída ten redución de horario. Ademais, varios pais e nais xa presentaron reclamacións ao atoparse algúns días sen pediatra o centro de saúde. Os problemas son maiores en especialidades como xinecoloxía e nas probas diagnósticas, con meses de espera para unha ecografía, por exemplo, ou semanas para obter os resultados dunha analítica. Mentres, o Sergas fixo pública a adjudicación de 65 novas prazas de médicos de atención primaria, ningunha delas para o centro de saúde de Vilalba.

A zona azul chegará á praza de San Xoán e rúa de Galicia

O vicecalde e responsable de Mobilidade, Modesto Renda, anunciou a vindeira ampliación da Zona Azul en dúas novas localizacións do casco urbano.

Concretamente, a regulación do estacionamento afectará á praza de San Xoán e a un tramo da rúa de Galicia comprendido entre a súa intersección coa rúa do Calvario e a intersección coa rúa García Hermida.

Renda, que contextualizou a medida na necesidade de "dar resposta ás demandas de comerciantes e hostaleiros", explicou que o horario será o mesmo que o das restantes

zonas xa reguladas, isto é: de luns a sábado de 09:00 a 14:00 horas, estando permitido o estacionamento de maneira gratuita nun período máximo de 90 minutos.

"O obxectivo é evitar que se aparque o vehículo desde a mañá ata a noite, ao tempo que se deixa unha ampla marxe de tempo gratuito para facer xestións ou compras", declarou.

A medida entrará en vigor unha vez se teñan rematado os traballos de pintado e sinalización vertical e o Concello dará un mes de marxe como período de proba antes da súa implantación definitiva.

Rematan as obras de mellora nas instalacións do punto limpo

Concluíron as actuacións de mellora das instalacións do Punto Limpo municipal coas que se pretende optimizar a xestión interna dos residuos e mellorar a eficiencia operativa, a sostibilidade, e a seguridade dos usuarios e usuarias.

Ditas modificacións supuxeron a compra e colocación de 5 colectores de almacenamento de residuos perigosos, 2 colectores para o depósito de residuos téxtiles e 4 gaiolas destinadas ao almacenamento de Residuos de Aparatos Eléctricos e Electrónicos (RAEE).

Así mesmo, tamén se procedeu á ampliación da zona específica para o



almacenamento de RAEE dunha superficie de 24 metros cadrados para optimizar o uso do Punto Limpo, procedendo ademais á impermeabi-

lización desa superficie e da caseta xa existente, é dicir, unha área total impermeabilizada de aproximadamente 75 metros cadrados.



**RYS
SESACAR**

RECAMBIOS Y SUMINISTROS

Rúa do Freixo, P-53
Pol. Ind. Sete Pontes
27800 Vilalba - Lugo
Tel.: 982 831 105 / 609 392 656
recambios@sesacar.com

Organizan o día 24 á tarde unha sesión de cine inclusivo

O Concello organiza unha sesión de cine adaptado, con apoios visuais e unha contorna sensorialmente amable para o público infantil neurodiverso e as súas familias.

A sesión celebrarase o sábado, 24 de febreiro, ás 17.00 horas proxectarase a película *Katak, la pequeña ballena blanca*, a historia dunha pequena balea que mentres todos os seus compañeiros e compañeiras se volven brancos, ela segue sendo pequena e gris e, para demostras que creceu e cumprir o último desexo da súa adorada avoa, Katak emprende unha perigosa viaxe ao Gran Norte.

O centro da Mina acolle unha mostra itinerante sobre a transición xusta

O Centro de Interpretación A Mina acolle a exposición *Transición Xusta: Onte, hoxe e mañá*, froito do acordo de colaboración entre o Concello das Pontes e a Fundación Ciudad de la Energía (Ciuden), entidade xestora da Térmica Cultural, que converte ás Pontes na seguinte parada na itinerancia desta exposición.

A exposición temporal achega ao visitante á realidade das zonas inmersas nos procesos de transición enerxética e as estratexias adoptadas por estes territorios, cun eminente pasado industrial, para adaptarse ao novo contexto.

Poderá visitarse ata o 14 de abril, os martes, mércores e sábados, de 10.00 a 13.30 horas e os xoves e venres, de 16.00 a 19.30 horas, data na que se trasladará a outro territorio.

As Pontes contará coa Feira do Grelo e un amplo programa de Entroido

O Concello das Pontes celebrará o día 11 de febreiro a edición número 43 da Feira do Grelo, unha cita gastronómica a través da que se busca poñer en valor un dos produtos máis emblemáticos da gastronomía local e render homenaxe á agricultura máis tradicional e para a que os departamentos de Cultura e Turismo deseñaron unha programación que conxuga as actividades máis tradicionais como o concurso de cestas coa venda de produtos agrícolas, gandeiros e artesáns, un faladoiro agrogandeiro e a música tradicional. As actividades arrincarán o domingo, ás 08.00 horas co tradicional concurso de cestas na Praza de América, onde os produtores poderán presentar as súas cestas de grelos.

A partir das 10.00 horas o público asistente poderá gozar na Rúa Ramón Cabanillas a exhibición de torneado e talla de madeira da Asociación dos Amigos da Madeira das Pontes. Nesta mesma rúa e a mesma hora abriranse os postos de venda de produtos autóctonos.

Ás 11.45 horas, na Praza de América haberá un faladoiro sobre a novas oportunidades e modelos de produción agrogandeira. No mesmo espazo, a partir das 12.00 horas haberá unha degustación de xamón de porco celta da man do cortador Fernando Saavedra.

Por outra banda, desde ás 11.30 horas ata ás 13.30 horas, as rúas da vila encheranse de música cos pasacalles de Os Trevillas, Canavella, No Cómbaro e o Entroido de Samede.

A partir das 13.00 horas, no patio de Santa María celebrarase a degustación popular, que incluírá un menú composto por sopa, cocido con gre-



los, costela, lacón, chourizo, garanzos e patacas, incluíndo o pan e a bebida. O prezo será de vinte euros por persoa e o menú estará dispoñible para levar. Todas aquelas persoas que queiran degustar freixós, deberán trasladarse ata a Avenida da Coruña onde estará instalada a freixoeira desde a mañá do venres e durante a fin de semana, en horario de mañá.

Xa pola tarde, de 16.30 a 18.30 horas, na Praza de América será a quenda para o público máis novo que poderán gozar de diversos xogos tradicionais.

O broche de ouro da 42ª Edición da Feira do Grelo virá da man do concerto de Amancio Prada no que contará coa colaboración da Rondalla Vila das Pontes, a partir das 19.00 horas no Auditorio Cine Alovi.

CONCURSO DE CESTAS Repartiranse 1.575 euros no concurso de cestas. As persoas interesadas en participar

deben ter como mínimo 16 anos e teñen que inscribirse o domingo, 11 de febreiro, na carpa instalada na Praza de América, desde as 08.00 ás 10.00 horas.

Os grelos deberán presentarse en cestas que deberán conter, como mínimo, 10 madras, condición sine qua non para poder participar e a partir das 10.00 horas, o xurado comezará a realizar o reconto das cestas concursantes e a súa valoración.

O concurso rematará ás 11.30 coa entrega de premios na Praza de América. Concederanse tres premios á calidade do premio, un primeiro premio de 400 euros, un segundo de 300 euros e un terceiro valorado en 200 euros. Ademais haberá 5 accésos de 75 euros cada un deles. Haberá un Premio Especial Alexandre Pérez Sindín á cesta mellor adornada., valorado en 300 euros e que recibirá tamén unha peza de artesanía doada pola Asociación Amigos da Madeira.

DISFRACES. O Concello repartirá 7.275 euros en premios na cabalgata de Entroido que se celebrará o martes, 13 de febreiro, a partir das 17.00 horas. Nesta ocasión, o premiará as seguintes categorías: persoas adultas, categoría infantil, grupos e carroza e as persoas participantes só poderán inscribirse nunha única categoría.

No caso da categoría infantil (menores de 7 a 14 anos, ambos incluídos), As Pontes repartirá, tres premios de 50 euros, cada un, para os tres mellores disfraces individuais e tres premios de 75 euros, cada un, para as tres mellores parellas. Ademais haberá 30 premios, de 30 euros cada un, para os nenos e nenas participantes na modalidade meniñ@s (menores de ata 6 anos, incluídos).

Por outra banda, premiará ás tres primeiras parellas adultas clasificadas con 200, 175 e 150 euros, respectivamente e, na categoría individual, as persoas adultas que tomen a saída no desfile poderán gañar 150, 125 ou 100 euros se se sitúan entre os tres disfraces máis valorados polo xurado.

Na categoría de grupos, na que se diferenciarán dúas modalidades, en función do número de persoas que integren a agrupación. Así, os grupos de máis de 10 persoas optarán a tres premios de 700, 600 e 500 euros mentres que, entre as agrupacións de ata 10 integrantes repartiranse tres premios de 500, 400, 300 euros, respectivamente. No caso das persoas que participen con carrozas optarán a tres premios de 900, 700 e 500 euros.

O prazo para inscribirse está aberto ata o 12 de febreiro ás 12.00 horas.

Rebaixas ata o 3 de marzo

Descontos desde un 15% en artigos de exposición

MObelrias

PLAmoble Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

ebos

Rúa Campo de Puente 65 baixo
VILALBA
T: 982 523 499 / 623 552 876
ebosobradoirodoce@gmail.com
Facebook: EBOS Obradoiro Doce

“Contamos con varios servicios para mellorar a calidade de vida”

María San Miguel é a educadora social en A Xanela, a asociación de discapacitados activos. Explica o traballo que realizan dende a asociación

Como son os comezos de Xanela?

A asociación é unha xanela para as persoas con diversidade funcional, que leva en funcionamento dende hai aproximadamente vinte anos. Nos seus comezos nace polas inquedanzas das familias pontesas con persoas nesta situación e pouco a pouco foise profesionalizando. Actualmente contamos con diferentes servizos que teñen a finalidade de mellorar a calidade de vida das persoas coas que traballamos.

Cales son os principais problemas das persoas coas que traballan?

Por un lado a falta de recursos, tanto sociais como sanitarios, a accesibilidade, o incumprimento dos seus dereitos, sobre todo das mulleres e por outra banda en termos sociais, a soidade.

Como traballan dende a asociación estas problemáticas?

En A Xanela contamos con servizo de terapia ocupacional que se encarga das partes de rehabilitación e da estimulación cognitiva e física, así como da adaptación e da accesibilidade no fogar. Na asociación tamén contamos con servizo de psicoloxía, que traballa a parte emocional e dende o servizo de educación social traballamos a parte de sensibilización. Temos un programa que se chama As Pontes Contigo que traballa a visibilidade e en amosar a sociedade as problemáticas e os dereitos que non se cumpren desta parte da poboación.

Que tipo de actividades realizan a través deste programa?

Dende o programa das Pontes Contigo realizamos actividades coma a carreira solidaria, facemos formacións de duelo compasivo nas aulas e tamén formacións e sensibilizacións nas diferentes universidades galegas así como faladoiros e formación nun ámbito máis profesional. Ademais, contamos tamén cun campus, Xanela envelhecimento e dependencia, onde mostramos as principais problemáticas sobre o envelhecimento e o coidado, é importante protexer tamén ás persoas coidadoras e darlles esa parte de formación e apoio emocional. Nós cremos que a intervención non pode ser só individual senón que ten que ser tamén familiar e social.

A nivel de accesibilidade, cal é a si-



tuación actual das Pontes?

A verdade é que nos últimos anos o tema da accesibilidade nas Pontes mellorou moito pero os usuarios que teñen máis problemas de mobilidade física pois si que seguen reclamando que hai certos espazos aos que non poden acceder. Entón aí temos un pequeno proxecto para este 2024 no que queremos demostrar os problemas de accesibilidade das Pontes polo Día da Discapacidade, o 3 de decembro, a idea é facer un proceso participativo no que eles mostren estas dificultades. Hai que recoñecer que se mellorou moito no

“Nos últimos anos o tema da accesibilidade mellorou moito nas Pontes”

municipio pero aínda queda e a nivel público estase moito máis avanzados que a nivel privado.

Como se pode colaborar coa asociación?

Nós recibimos todo tipo de colaboración e a maior axuda que se nos pode dar é ser socios, vir a visitarnos e abrir un pouco Xanela á sociedade para que nos coñezan. Tamén recibimos axudas de empresas que colaboran con nós e persoas que a nivel individual nos axudan aportando cousas que necesitamos. Tamén aceptamos voluntariados, pero o máis importante é vir visitarnos.

É necesario ser socios para poder desfrutar dos seus servizos?

Non, nós somos unha asociación aberta na que atendemos a persoas socias e non socias, pero si es socio

as tarifas son diferentes, polo tanto o único que cambia son os prezos, que xa son moi económicos, porque nós non estamos para beneficiarnos senón que somos unha entidade de utilidade pública.

Teñen algunha necesidade como asociación neste momento?

A verdade é que estamos nun momento moi bo, Xanela comezou como algo familiar e pequeniño que funcionaba a través de voluntariado, e os nosos principais problemas son os económicos. Cando ti queres desenvolver certo tipo de proxectos as limitacións son as que son. Ademais, está o espazo, cada vez a sociedade necesita máis espazos coma o noso, cada vez somos máis e cada vez o espazo vai quedando máis pequeniño. Polo tanto as principais necesidades que temos son económicas e de espazo, porque si tivésemos máis local poderíamos ser máis profesionais e atender a máis persoas. Aínda así, estamos moi agradecidos porque temos moito apoio tanto a nivel institucional como das empresas privadas.

Como se pode colaborar para facilitar a vida destas persoas?

En termos sociais diría que máis empatía, coidar moito a linguaxe que usamos porque se tende a infantilizar tanto as persoas con diversidade funcional como as persoas maiores, intentar poñerse na pel dos demais e non ver a situación como algo alleo porque lle pode pasar a calquera e hai que normalizalo. Mellorar a accesibilidade para que as persoas con diversidade e as persoas maiores estean onde deben estar, en todos os espazos, e mellorar a participación social e a participación política, que se vexan como o que son, persoas adultas.



7975+HP, Vilalba

Casa / Chalet independente | 3 Dorm | 1 Baño | 399m² 120.000€

A unos seis kilómetros del centro de Vilalba (Lugo), se vende vivienda unifamiliar a reformar, en la que hay cocina, aseo y varias habitaciones. A mayores dispone de garaje, horno y otras dependencias. La finca tiene 9.000 metros cuadrados, pudiendo segregarse cuatro parcelas edificables, a mayores de la de la casa, ya que se encuentra en suelo de núcleo rural.

N-634 621, Vilalba

Casa / Chalet independente | 1 Dorm | 1 Baño | 30m² 44.000€

En las proximidades de Vilalba (Lugo), se vende chalet de una habitación, baño, cocina y una finca de unos 1.500 metros. Muy próximo al restaurante Montero.

Avenida de Galicia, Vilalba

Local | 50m² 45.000€

En Vilalba (Lugo), ofrecemos en venta un local en planta de calle, totalmente instalado, en el que hay dos despachos, una sala de espera, un archivo y un baño.

Chao Ledo 1, Vilalba

Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 110m² 77.000€

En la localidad de Vilalba (Lugo), a unos 30 minutos de Lugo y Ferrol, 45 minutos de Coruña y de la costa lucense, se vende piso céntrico de 4 dormitorios y sala, 2 baños, cocina y ascensor.

Mondoñedo, Vilalba

Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 140m² 95.000€

En Vilalba (Lugo), en concreto en la esquina de calle Mondoñedo con calle de la Feria, se vende un piso cuarto muy amplio, de cuatro habitaciones y sala, dos baños y cocina. Dispone de calefacción de gas, una plaza de garaje en el mismo edificio, trastero en el bajo cubierta y ascensor.

Jose Luis García Mato 1, Vilalba

Casa / Chalet adosado | 3 Dorm | 2 Baños | 231m² 85.000€

Se vende en el centro de la localidad de Vilalba (Lugo), una casa de planta baja y piso, para reformar.

Pravia, Vilalba

Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 100m² 60.000€

En Vilalba (Lugo), ofrecemos un piso céntrico, en calle de la Pravia, en el que hay cuatro habitaciones y sala, cocina y dos baños. La vivienda dispone de calefacción individual de gas ciudad, ascensor y un trastero en el bajo cubierta.

Avenida de Galicia 27, Vilalba

Edificio de uso mixto | 580m² 240.000€

Se vende en Vilalba (Lugo), edificio muy céntrico, que da a dos calles, formado por un bajo de unos 85 metros, dos pisos acondicionados de 117 metros cada uno y un dúplex acondicionado de 230 metros, incluidas las terrazas.

Campo de Puente, Vilalba

Edificio de uso mixto | 563m² 120.000€

En Vilalba (Lugo), en la salida hacia el polígono se vende edificio en placa, compuesto por planta baja, tres pisos y bajo cubierta. Se vende así, para que termine la construcción el comprador.

Xosé María Chao Ledo, Vilalba

Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 110m² 75.000€

En Vilalba (Lugo), ofrecemos en venta un piso céntrico, de tres dormitorios y sala, dos baños y cocina. La vivienda dispone de calefacción individual a gas, ascensor y un trastero.

Biletes, Abadín

Casa rural | 3 Dorm | 1 Baño | 216m² 52.000€

En Castromayor, municipio de Abadín (Lugo), se vende vivienda rústica de planta baja y piso, adosada a otra casa. En el precio se incluye el circundo de unos 1.500 metros cuadrados.

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco

Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal

Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)

Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)

Tfnos.: 982 510 257 - 600 828 720

www.rocaabogados.info

www.inmobiliariajroca.es

GABINETE TÉCNICO AGROPECUARIO TERRA CHA

ENXEÑERÍA TÉCNICA AGRÍCOLA - SERVIZOS VETERINARIOS
ENTIDADE DE ACONSELLAMENTO E XESTIÓN DO MEDIO RURAL
CENTRO AUTORIZADO PARA A FORMACIÓN EN BENESTAR ANIMAL

Novas oficinas:
Rúa Lois Peña Novo, Baixo nº3 - Vilalba

Tf 982 523 649 - 982 523 601
619 41 53 56 - 650 61 12 60

ALÉN

Os premios Hume 2024 xa teñen gañadores

O historiador ourensán Rodrigo Pouse, veciño de Vigo, foi o gañador este ano o Premio de Investigación Hume, na súa VIII edición.

O traballo gañador leva o título *As Pontes en el reinado de Felipe II (1556-1598)*. Administración jurisdiccional y municipal e fai un percorrido pola configuración deste concello no século XVI, nunha época pouco estudada.

“Non seu traballo realiza un estudo da administración municipal coa modalidade de concello aberto e tamén sobre a administración xurisdiccional. Este traballo vén dar luz a unha parte importante da historia pontesa como é a historia moderna e permite coñecer o case nulo desenvolvemento urbano do municipio. Posúe un gran estudo de campo, con rexistro do arquivo consultado e numerosas citas”, dixo o xurado.

En segundo lugar quedou o traballo do pontés Javier Barcón, técnico en delineación, que se presentou

en numerosas ocasións e que xa recibiu o segundo premio en dúas citas anteriores e un accésit noutra. Nesta ocasión presentou o traballo *Puentes de García Rodríguez surcó los mares, no que fala da construción e botadura dun petroleiro construído nos artilleiros de Bazán, en Ferrol, no ano 1952*.

Destacou o xurado sobre este traballo “o esforzo en vincular temas moi diversos, pero que teñen como fío condutor o mundo do petróleo e as súas implicacións industriais nun momento no que o debate mundial céntrase na sustentabilidade e na procura de alternativas aos combustibles fósiles”.

Tamén concedeuse un accésit a Jorge Vidal, arquitecto de Ribeira de Piquín, polo seu traballo *Os grandes esquecidos*. Os depósitos de augas do Poboado das Veigas.

O gañador do premio recibirá 2000 euros, o segundo 1000 e ao accésit correspóndelle 200 euros.

Os traballadores do Concello reclaman a aprobación da RPT

O Comité de empresa e os delegados de persoal do Concello, en representación dos traballadores e traballadoras da administración municipal, vén de reclamar ao Executivo local a aprobación, con carácter inmediato, da Relación de Postos de Traballo (RPT) municipal.

O documento, que leva 14 anos en proceso de elaboración, é imprescindible para regular as funcións de cada un dos traballadores e traballadoras e o seu salario, xa que no mesmo se recolle unha descrición minuciosa das labores que se deben realizar en cada posto.

Ante esta situación, dende o Comité de Empresa demandan ao equipo de goberno que acelere os trámites para sacar adiante un texto que permitirá un mellor funcionamento dos servizos municipais cunha orga-

nización do seu persoal máis eficaz e eficiente.

Outra das demandas da representación dos traballadores e traballadoras é a actualización dos salarios de varios empregados e empregadas de diferentes servizos municipais e que, a día de hoxe, non alcanzan o salario mínimo interprofesional.

De feito, unha trintena de empregados e empregadas do concello pontés non perciben, neste momento, nin tan sequera os 1.080 euros que marca a lei, e que ascenderán a 1.134 euros coa próxima entrada en vigor do acordo rubricado o pasado mes de xaneiro entre sindicatos e Ministerio de Traballo.

Esta actualización xa foi esixida polo comité de empresa e delegados de persoal ao longo do pasado ano en varios encontros.

A Asociación de Concellos do Eume celebra a primeira xuntanza

Os alcaldes dos concellos das Pontes, Pontedeume, Cabanas, Monfero e a Capela participaron na primeira xuntanza da Asociación de Concellos do Eume, asociación que ten como obxectivo traballar, de forma conxunta, na xestión da comarca e dar resposta ás inxerencias da poboación dos cinco municipios.

Durante o transcurso deste encontro, os rexedores locais estableceron unha folla de ruta que, de maneira integral, considera todos os retos e todas as accións necesarias para facer da comarca do Eume un territorio habitable, competitivo, atractivo, amable, acoledor, saudable e concienciado co desenvolvemento equitativo, xusto e sostible.

Así, acordaron traballar na posta en valor, dinamización, recuperación



e difusión do patrimonio dos cinco concellos, no seu desenvolvemento socioeconómico, especialmente no vinculado aos recursos naturais e culturais, dentro dun marco de sustentabilidade, a través de accións que revertan directamente na poboación das Pontes, Pontedeume,

Cabanas, Monfero e A Capela. Todos os alcaldes coincidiron na necesidade de traballar na captación de fondos e investimentos para a comarca que permitan un desenvolvemento equilibrado do territorio e o acceso a un maior número de servizos e oportunidades.



Fin das reformas na Base da Unidade Operativa

A Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia informou da culminación de obras de reforma da Base da Unidade Operativa (BUO) das Pontes, nas que se fixo un investimento de 68.742 euros. Esta actuación enmárcase no Plan de Mellora das infraestruturas de Medio Rural para o período 2021-2026 e os gastos foron financiados na súa totalidade a través de fondos FEDER React.

A actuación consistiu no acondi-

cionamiento de vestiarios, duchas, zonas de descanso, almacéns para material e instrumental de traballo, ademais dos recintos para gardar os vehículos.

Esta Base atópase no municipio das Pontes e é o punto de encontro para o persoal das brigadas forestais. Coa mellora nas instalacións preténdese, destacou a consellería, “favorecer a conciliación entre descanso e traballo dos bombeiros e axentes”.

Poñen en marcha na vila un obradoiro de escrita literaria

O Concello das Pontes, a través da Biblioteca Municipal Enrique Rivera Rouco e coa colaboración de Tecedeiras pon en marcha o venres, 9 de febreiro, ás 20:00 horas o obradoiro de escrita literaria *Encetando o Maxín*.

Trátase dun obradoiro, dirixido por Xosé Carlos Carracedo recente Premio Nacional de Poesía Pérez Parallé 2023, quen recolle a testemuña do escritor Eduardo Estévez que dirixiu un obradoiro de escrita no mesmo espazo durante algúns anos até pouco antes da pandemia, que ten como obxectivos principais estimular o exercicio da creación literaria, afondando en diversas técnicas e recursos expresivos da escritura, métodos de traballo, documentación, ritmo narrativo, construción de personaxes ou a distancia literaria entre outras cuestións.

O obradoiro inclúe a visita de escritoras e escritoras convidadas e finalizará a finais de maio cun recital e a edición dunha publicación colectiva.









POR CADA
10€
DE COMPRA
TE DESCANTAMOS
1€
EN TU
SIGUIENTE COMPRA




RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com

982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus




Besteiro e Formoso anuncian o segundo nó de transición xusta

José Ramón Gómez Besteiro, candidato á presidencia da Xunta, e Valentín González Formoso, secretario xeral do PSdeG, anunciaron que Galicia será protagonista do segundo concurso convocado polo Goberno de España para adxudicar novos nós de transición enerxética xusta en España. “Os nós canalizan a enerxía dos parques eólicos cara ás autoestradas de alta tensión e son absolutamente estratéxicos para o crecemento económico e industrial do noso país”, explicou Besteiro.

Así o anunciaron no día no que o Ministerio de Transición Ecolóxica anunciaba á poxa o nó de Cerceda e a creación do das Pontes, con 400 MW e 800 MW de potencia, respectivamente.

Explicaron que “a poxa do Goberno adxudicará a potencia aos proxectos

que signifiquen maior investimento e creación de emprego. Trátase dos segundos nós de transición xusta de España”, tras a experiencia do nó da antiga central térmica de Mudéjar (Andorra), de 1.200 MW, no que Endesa resultou adxudicataria cun investimento de 1.500 millóns de euros, 650 empregos directos e 3.500 durante a construción da infraestrutura.

Os nós de transición xusta, segundo ampliou o secretario xeral do PSdeG e alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, “son infraestruturas onde a capacidade de acceso á rede eléctrica, liberada tras o peche das centrais térmicas, adxudícase mediante concurso para que sexa empregada polas novas centrais de enerxías renovables que se conecten co nó”. Afirmou que “estes nós

de transición permitirán evacuar a enerxía dos proxectos renovables que están previstos para ámbolos dous municipios, como as centrais de bombeo reversible proxectadas para os lagos das Pontes e Meirama”. Formoso detallou que, no caso das Pontes, o concurso anunciado polo Goberno suporá un investimento de 13 millóns de euros para crear o citado nó de transición, debido a que segundo certifica Rede Eléctrica non existe capacidade de evacuación na propia central térmica.

Isto fará necesaria a construción dunha nova central de transformación, que se situará no lugar de Maciñeira e que servirá tamén para reforzar a subministración eléctrica aos demais proxectos industriais anunciados para As Pontes, explicou o secretario xeral.



Os veciños saíron á rúa

Ducias de persoas participaron na concentración convocada pola CIG nas Pontes para reclamar políticas de industrialización e emprego para a localidade fronte á demolición que está supondo o proceso de transición, “pois a día de hoxe non hai proxectos materializados nin alternativas concretas á destrución produtiva e de postos de traballo”.

A mobilización realizouse dous meses despois da xornada de folga e

da masiva manifestación, tamén convocada en solitario pola CIG, para demandar medidas e actuacións de futuro para a vila fronte á propaganda e os anuncios de novos proxectos que non se dan materializado.

Neste crítico contexto, denunciou o responsábel da CIG das Pontes, Óscar García, as administracións estatal, autonómica e local “viven absolutamente submisas aos intereses da propia Endesa”.

Os traballadores de Einsa Print aceptan un ERE extintivo

A asemblea de traballadores da empresa Einsa Print aprobou por unha ampla maioría acollerse a un ERE extintivo que afectará a 121 persoas, dos algo máis de 220 que ten.

Así o acordaron os traballadores, que explicaron que a proposta da empresa pasaría por unha indemnización de 30 días por ano traballado e un máximo de 20 mensualidades. Estas condicións foron aprobadas polos operarios da planta situada no polígono de Penapurreira, con máis de 150 votos a favor e máis de 40 en contra. Ademais, abriron un período de tempo no que os operarios interesados abandonen a empresa, de maneira voluntaria.

A ANPA celebra unha festa de Entroido o 13

O ANPA do Colexio Público de Muras en colaboración co Concello, organizará o martes 13 de febreiro unha gran festa de Entroido que comezará ás 17.00 horas no local social e que se prolongará ata as 23.00 horas.

Nesta celebración haberá xogos e concursos de todo tipo, ademais de desfile de disfraces, todo amenizado por Eventec. Premiarase o mellor disfraz individual, o mellor grupal e o máis divertido.



Tamén haberá sorteo dunha gran cesta durante a velada, que se completará cunha merenda e pinchos para todos os asistentes.

CONFERENCIA SOBRE A EHE



A proposta do Concello e en colaboración co Gabinete Técnico-Agropecuario Terra Chá e a empresa farmacéutico-veterinaria Vetia, organizouse en Muras unha charla para falar sobre a picadura do mosquito que transmite a enfermidade hemorráxica epizoótica (EHE). A sesión estivo a cargo de Sergio R. Pedrouzo, do Servizo Técnico Ruminantes de Vetia, e contou cunha gran asistencia de público, que tamén desfrutou duns petiscos ao finalizar.

muras



CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

20 Años a tu lado

Dr. Juan Francisco Lema Ferro Coleg. 270000874
Dra. Noelia Fernández Agudo Coleg. 270001206

Horario: Lunes a jueves de 9h a 14h y de 16h a 22h.
Viernes de 9h a 14h y de 16h a 20:30h.

Camiño Real 36-38 Entresuelo Izda. 982 228 428 - 608 937 993
www.clinicadentaltest.es / dentaltest@yahoo.es

Parking gratuito

A Oficina Rural en Castro Ribeiras de Lea remata as obras de mellora

A oficina rural de Castro Ribeiras de Lea, no concello de Castro de Rei, vén de rematar o proceso de acondicionamento das súas instalacións a través dunha actuación promovida pola Consellería do Medio Rural, para a que se realizou un investimento de 135.559,43 euros.

As actuacións realizadas incluíron o acondicionamento interior e a realización de traballos de pintura, renovación da carpintería exterior e mobiliario para o persoal laboral, ademais da construción dun peche acristalado.

O obxectivo desta actuación, incluída no Plan de Infraestruturas da Consellería do Medio Rural, é ofrecer unha mellor atención á cidadanía e aos traballadores da propia oficina. Nela, préstanse atención xeral á cidadanía nas materias da súa competencia, ademais de servizos agrarios e veterinarios.

EN BREVE

RODAXE. A cabeza de lista do BNG por Lugo, Olalla Rodil, visitou no Cículo das Artes a rodaxe de *Pre-firo condenarme*, o novo filme de Margarita Ledo que se está a rodar en diferentes lugares da provincia, sobre todo en Castro de Rei. Rodil destacou o apoio do BNG á cultura galega, "especialmente ás creadoras e creadores no sector audiovisual, un sector que colleita premios dentro e fora de Galiza". Segundo Rodil, o papel dos medios públicos debe ser "unha ferramenta" que garanta o dereito de todas as galegas e galegos para acceder ás producións culturais feitas na Galicia".

Val de Francos prepara o Entroido máis tradicional



A comisión de festas do Antroido Val de Francos presentou o cartel das festas deste ano, unha cita ancestral na que participan as parroquias de Ansemar, Balmonte e Goberno, en Castro de Rei.

Será como todos os anos no Campo do Carril o martes 13 de febreiro a partir das 17.00 horas, cando os Valuros abran coa súa actuación o programa. Tamén estarán a orquestra Saudade de Vigo no apartado musical.

A comisión avanzou que quedarase de novo o Antroido que non faltarán os actos tradicionais do programa como a chegada do Antroido ao Campo de Carril, a lectura do pregón, a sesión pirotécnica e sorteo de agasallos. O Concello acometeu estes días os traballos de acondicionamento do Campo do Carril, onde se vai celebrar o Antroido de Val de Francos.

FESTAS INFANTÍS. O Concello ten previsto, como todos os anos, actividades para a rapazada durante estas celebracións de Entroido. Así, os pequenos terán o domingo 11 en Castro Ribeiras de Lea e o luns 12 en Castro de Rei as

respectivas festas infantís con concurso de disfraces, merenda de Entroido, maquillaxe infantil, música, animación e bolsa de larpeiradas.

Estas celebracións, nas que haberá premios para as mellores parellas e grupos, ademais dos disfraces individuais mellor traballados, serán de 16.00 a 19.00 horas, na casa da cultura e no centro sociocultural Xosé Manuel Carballo, respectivamente.

Estas festas están abertas á rapazada entre os 0 e os 14 anos. Para participar nesta actividade gratuíta será necesario entregar a correspondente ficha oficial nas oficinas do Concello antes do 6 de febreiro.

CULDECASTRO. O colectivo CuldeCastro anunciou que este ano no celebrará a festa de Entroido para adultos en Castro Ribeiras de Lea tal e como se viña facendo en edicións anteriores. O Concello, pola súa banda, anunciou que co Entroido de Val de Francos e as festas infantís xa se cubre o programa festivo.

O Concello destinará uns 571.000 euros ao arranxo de vías no rural

O Concello de Castro de Rei ten previsto executar neste ano 2024 obras de rexeneración de vías en varias parroquias por importe de 571.000 euros, subvencionadas por distintas administracións, segundo indicou o seu alcalde, Francisco Balado.

Un grupo das obras realizarase con cargo ao Plan de Mellora de Camiños da Xunta de Galicia, na anualidade actual, e que teñen un importe de 95.696 euros.

Ademais, 227.000 euros investiranse dentro do Plan de Mellora

de Camiños en Zonas de Concentración Parcelaria. A Consellería de Medio Rural aportará un total de 49.000 euros correspondentes ao Plan de Infraestruturas.

Completan o investimento os 200.000 euros que aportará a Deputación dentro do Plan Único.

Os traballos que teñen previsto acometer son a rexeneración de vías nas parroquias de Azúmara, Balmonte, Bazar, San Martiño de Goberno, Ponte de Outeiro, Triabá, Pacios, Ramil, Ribeiras de Lea, San Xiao de Mos e Matodoso.



CRUZ VERMELLA E FUDACE. A directora xeral de Persoas con Discapacidade, Begoña Abeijón, destacou a importancia de traballar conxuntamente coas entidades de iniciativa social para seguir avanzando na mellora da calidade de vida das persoas con discapacidade e para reforzar o apoio ás familias. Díxoo durante a visita aos centros residenciais e de atención diurna da Fundación de Dano Cerebral (Fudace) e Cruz Vermella en Castro de Rei, onde puxo en valor as atención e coidados que se prestan nestas instalacións. En este sentido, Begoña Abeijón asegurou que estes centros son un referente en Galicia.

Entroido 2024

VAL DE FRANCOS

(CASTRO DE REI)

MARTES
13
FEBREIRO

ANSEMAR, BALMONTE E GOBERNO

SAUDADE DE VIGO

EvenTeC Disco Móvil

OS VALUROS DE CASTRO DE REI

17:00 Actuación "OS VALUROS"

17:30 **EvenTeC** Disco Móvil

18:30 SERMÓN E QUEIMA DO ENTROIDO con SESIÓN DE PIROTECNIA

A CONTINUACIÓN SORTEO DE VARIOS AGASALLOS

19:30 Festa rachada ata que o corpo aguante

SAUDADE e **EvenTeC** Disco Móvil

CAMPO CUBERTO CON CARPA

CONCELLO DE
CASTRO DE REI

PEREZ
Plz. Augas Frias, 5-7º C - LUGO Tlf. 429 81 94 94

ED.
43FEIRA
DO
GRELO

AS PONTES

11/02/2024

PRAZA DE AMÉRICA

CONCURSO DE CESTAS

8.00 – 10.00 H

RECEPCIÓN DE PARTICIPANTES

10.00 – 11.00 H

VALORACIÓN DAS CESTAS

11.30 H

ENTREGA DE PREMIOS

11.45 H

FALADOIRO "NOVAS
OPORTUNIDADES
E MODELOS DE
PRODUCCIÓN
AGROGANDEIRA"

IVÁN RODRÍGUEZ

Director técnico ASOPORCEL

FERNANDO ALMEIDA

Doutor en xefeiro agrónomo de
SEMENTARES S.L. e representante do
Consello Regulador OP Pan GalegoPRODUTORES/AS DO SECTOR
AGROGANDEIRO

12:00 – 13:00 H

DEGUSTACIÓN DE
XAMÓN DE PORCO CELTA
CO CORTADOR FERNANDO
SAAVEDRA

RUA RAMÓN CABANILLAS

10.00 – 19.00 H

MERCADO DE ARTESANÍA
E PRODUTOS DE TEMPADAMOSTRA DE TORNEADO
E TALLAA CARGO DA ASOCIACIÓN AMIGOS
DA MADEIRA DAS PONTES

CENTRO URBANO

PASACALLES

11.30 H

OS TREVILLAS E CANAVELLA

12.30 H

NO CÓMBARO E O ENTROIDO DE SAMEDE

PRAZA DE AMÉRICA

XOGOS POPULARES

16.30 – 18.30 H

A PARTIR DE 3 ANOS

CINE ALOVI

CONCERTO AMANCIO
PRADA CON RONDALLA
VILA DAS PONTES

19.00 H

VENDA DE ENTRADAS EN

<https://aspontes.sacatuentrada.es>Na billeteira unha hora antes da función no caso de
quedar entradas dispoñibles da venda anticipada.PATIO STA. MARÍA
DE 13.00-15.00H.

MENÚ DA FEIRA

Sopa de Cocido


Cocido

(Con grelos, costela,
lacón, chourizo,
garavanzos e patacas)

Freixós

Pan, Viño, Auga,
RefrescosRETIRADA DE TICKETS
NA CARPA DO SANTA
MARÍA
(DESDE AS 12.30 H).
O MENÚ ESTARÁ
DISPONIBLE PARA
LEVAR.

20€



Festa de Entroido do CPI Doutor López Suárez e Carballo Vivo

A asociación Carballo Vivo celebrará un desfile e unha cea de Entroido o sábado 10 de febreiro. As actividades comezarán ás 17.30 horas cunha concentración de entroidos no centro cultural de Carballo, que farán un desfile a partir das 18.00 horas.

A xornada comezará cun cocido no centro social de Carballo a partir das 13.30 horas. Para o xantar é preciso apuntarse no correo carballovido@gmail.com, ou falando cun membro da directiva.

A ANPA do CPI Doutor López Suárez organiza o día 13 de febreiro unha festa de Entroido entre as 17.00 e as 20.00. horas no pavillón do centro. Haberá desfile, concurso de disfraces, globoflexia, pintacaras, merenda e algunha sorpresa máis. Para participar será necesario anotarse antes do 7 de febreiro no telefono ou no correo da ANPA (679 690 190 ou anpalopezsuarezfriol@gmail.com).

O Concello sufraga as clases de natación

O alumnado de 1º e 2º de primaria do colexio público de Friol poderán desfrutar da iniciación á natación grazas a colaboración entre o Concello de Friol, o Club Fluvial de Lugo e o centro educativo do pobo. Durante este segundo trimestre, o alumnado de 1º e 2º de educación primaria poderá ir ao Club Fluvial de Lugo a recibir clases de natación. O Concello é o encargado de asumir os custos do bus e tamén das clases de natación impartidas durante este trimestre, polo que será unha actividade completamente gratuíta para todas as familias participantes.

Adamo desprega a fibra óptica en todas as parroquias friolesas

A empresa Adamo está a instalar esta tempada a fibra óptica para a conexión a Internet a alta velocidade no concello de Friol, con atención ás parroquias.

Segundo explicou o alcalde, José Ángel Santos, á veciñanza, xa hai zonas do municipio nas que se poden solicitar as altas para ter servizo de internet e teléfono. Para realizar as solicitudes poden chamar aos teléfonos 722 482 588 ou 685 502 000, onde se lles informará si a súa zona xa pode recibir estes servizos. Cabe lembrar que Friol forma parte de todo un plan de expansión da compañía, que acumula máis de 70.000 vivendas cableadas en 35 concellos lucenses desde mediados de 2018. Para sufragar ta-

les actuacións, Adamo investiu 20 millóns de euros e contratou a 300 traballadores locais en enxeñería, despregamento, mantemento e comercialización.

A pesar destes enormes avances, o crecemento prosegue, xa que o operador resultou adxudicatario da última convocatoria de axudas estatais e comunitarias para a instalación desta infraestrutura no territorio. En virtude do orzamento público-privado resultante do Programa Único, de 17,5 millóns, Adamo levará Internet de alta velocidade a 33.000 fogares rurais de Lugo entre 2023 e 2024 para sumar máis de 100.000 inmobles conectados á súa rede de alta velocidade no conxunto da provincia.



O GES de Friol realizou casi 800 intervencións

Friol é o concello sede de operacións do GES (Grupo de Emerxencias Supramunicipal), situada no polígono industrial, nunha das naves do edificio multiusos. Este grupo, que está formado por 11 profesionais, dá cobertura a este municipio e aos de Begonte, Guitiriz, Palas de Rei e Outeiro de Rei. Este GES empezou a funcionar no verán do ano 2022 e está supervisado e organizado polo concelleiro Enrique Barreiro.

Este é un servizo moi importante para os concellos que forman parte del e por iso conta cun financiamento por parte da Xunta de Galicia de case 300.000 euros anuais.

Os profesionais que conforman este grupo de emerxencias tiveron que realizar arredor de 800 intervencións en todos os concellos que forman parte del desde que se puxo en marcha, e durante o acabado de rematar ano 2023 actuaron nun total de 525 casos.

Na diferenciación por concellos, cabe salientar que no de Friol realizaron un total de 149 intervencións, distribuídas do seguinte xeito: oito saídas para intervir en accidentes, cincuenta e tres saídas relacionadas

con fenómenos meteorolóxicos, vinte e oito intervencións relacionadas coa fauna, corenta saídas por culpa das velutinas, oito incendios, unha saída realizada polo grupo para seguir coa busca de Jose Luis, e tamén once saídas de outros tipos.

En Palas de Rei tiveron que intervir en 53 ocasións, e foron saídas relacionadas con accidentes, fenómenos meteorolóxicos, fauna, velutinas, incendios, verteduras, persoas desaparecidas e outros.

En Guitiriz realizaron un total de 87 intervencións, entre actuacións relacionadas con accidentes, fenómenos meteorolóxicos, fauna, velutinas, incendios, verteduras e outros.

Máis intervencións realizaron en Outeiro de Rei, con un total de 107 saídas, en actuacións que tiveron que ver con accidentes, fenómenos meteorolóxicos, fauna, persoas desaparecidas, velutinas, incendios e outros.

Algo máis actuaron no concello de Begonte, no que realizaron un total de 118 intervencións, entre actuacións relacionadas con accidentes, fenómenos meteorolóxicos, fauna, velutinas, incendios e outros.

OFICINA RURAL



A Oficina Rural de Friol vén de rematar o proceso de mellora das súas instalacións a través dunha actuación promovida pola Consellería do Medio Rural, para a que se destinou un orzamento de 32.258,46 euros. As melloras correspondéronse con varias actuacións nas que acometeron tarefas de pintura, a renovación da carpintería exterior e a substitucións de luminarias dentro das oficinas.

EN BOAS MANS
CENTRO DE FISIOTERAPIA

<p>SE ATIENDEN ACCIDENTADOS DE TRÁFICO</p> <p>FISIOTERAPIA Deportiva Neurolóxica Traumatolóxica Drenaxe Linfática E.P.I. / EPTE</p>	<p>TRATAMIENTOS Accidentes de tráfico Lesiones Deportivas Neurológico Traumatológico Ondas de Choque Radiofrecuencia Game Ready Sistema SIS</p>
---	--

Miguel de Cervantes, 38 bajo - 27003 Lugo. 982 809 038 / 678 855 342

www.boasmans.com
info@boasmans.com

HONDA XL750 Transalp

Motolugo
CONCESIONARIO OFICIAL HONDA

TRANSALP
Las montañas te llaman.

Camino Real, 125. 27004 Lugo
Telf: 982 21 57 31
Móvil: 698 17 91 81

Friol demandará a Tomé por atender contra a seguridade vial

O alcalde de Friol, José Ángel Santos, tacha de “sectario e sen escrúpulos políticos” a José Tomé, ao cal o fai único responsable “do estado lamentable e deplorable da rede viaria provincial, o que supón unha ameaza constante e diaria para a seguridade persoal de quen circule por ditas vías”.

Actualmente a Deputación de Lugo conta cuns 125 km de estradas no municipio de Friol, e como indica o alcalde “como mínimo uns 80 km supoñen un perigo e un risco para calquera persoa que circule polos mesmos, debido ao abandono do bigoberno de PSOE e BNG”, algo que desde o Concello de Friol “non estamos dispostos a consentir”.

Precisamente tamén os veciños se manifestaron estes días nalgunhas de esas vías provinciais, concretamente na LU-P 1611, o cinto comarcal que ao seu paso polo municipio de Friol une os de Begonte con Friol e Guntín, sumando uns 18 km “dos cales a maioría están intransitables”. Amosaron o estado da LU-P 2106, que une a capitalidade coas parroquias de Narla e Lamas, o mesmo sucede coa LU-P 2405 ao seu paso polo núcleo de As Pardellas. Tamén mostraron o seu malestar co estado



do pavimento da LU-P 2121, a mesma que enlaza o cinto comarcal coa parroquia de Cotá así como a LU-P 2110 ao seu paso por Ramelle e A Rocha e a LU-P 2102 e 2119 que enlazan desde a estrada de Parga ás parroquias de Nodar, Anafreita e Silvela.

Os veciños demandan que a Deputación de Lugo dunha maneira urxente execute as obras de mantemento e rexeneración do pavimento en todas estas vías de comunicación no municipio de Friol e exixen de inmediato que se execute un plan de melloras nas estradas que a Deputación de Lugo posúe no municipio de Friol.

O alcalde considera que “o menosprezo que o presidente da Deputación de Lugo ten con Friol e os seus veciños non se pode tolerar, durante estes últimos catro anos e medio que o Sr. Tomé preside o ente provincial non investiu nin un solo céntimo no mantemento e mellora de estas vías de comunicación, ese fanatismo que o Sr. Tomé ten con Friol, está levando ao abandono total das estradas provinciais e a poñer en risco a integridade física das persoas que circulamos diariamente por esas vías, un perigo extremo de seguridade, que o alcalde non está disposto a permitir”.

O Concello mellora os accesos na zona rural

Levaranse a cabo os traballos necesarios para executar dous proxectos moi importantes para o Concello de Friol, que suman case 365.000 euros entre as dúas, e que se financiarán co Plan Único.

O primeiro proxecto é a pavimentación dos accesos aos núcleos de Silvarredonda, Bedús, Carballal, Sobrado, Vilapedre, Requeixo, Vilagrande, O Bullo e Samede por un importe de mais de 182.000 €.

O segundo proxecto consiste no acondicionamento de varios camiños municipais nas parroquias de Miraz, Carlín, Narla, Silvela, Rocha, Ramelle, Xiá, Carballo, Guldriz e San Martiño de Condes, por un importe de mais de 182.000 euros. Son dous proxectos de gran importancia para a poboación de Friol, pois trátase de realizar melloras e mantementos de camiños municipais que benefician a varias parroquias de Friol, e en xeral a unha gran parte da veciñanza.

As vías obxecto de actuación, mediante pavimentacións, estaban en mal estado debido ás condicións normais do tráfico, o paso de maquinaria agrícola ou para traballos forestais, as condicións atmosféricas

e o paso de tempo, polo que resultaba complicado o paso en algunhas zonas das vías indicadas. Polo tanto, as actuacións a realizar están encamiñadas a reparar as deficiencias que presentan e previr que se produzan máis danos.

Todas estas actuacións que se van realizar traerán nunha considerable mellora na calidade de vida dos habitantes do municipio, pois a mellora de todos estes camiños facilitará o acceso polos mesmos aos habitantes do Concello.

Para o Equipo de Goberno manter o estado da rede viaria de titularidade municipal é algo moi esencial e no que traballan cada día, e como di o seu alcalde José Ángel Santos “unhas estradas óptimas son imprescindibles para o desenrolo da vida diaria dúas nosos veciños e veciñas, xa que non rural o uso de vehículo é fundamental para o ámbito laboral, polo que ter as pistas transitables é un dos nosos obxectivos, o que trae unha maior competitividade dos sectores implantados non rural, sendo conscientes dos quilómetros que comunican o noso municipio continuaremos tentando chegar as máximas”.

Inviste en Friol

CONCELLO DE FRIOL

Bonificación do 95% do custe das licenzas de obra para novas empresas do Polígono e no Casco Urbano de Friol



Invisten na rehabilitación da escola de Pedrafita

O Concello de Guitiriz destina 206.686,71 euros para o proxecto de rehabilitación da antiga escola de Pedrafita, que actualmente se atopa nun estado de conservación deficiente e que se pretende acondicionar para convertela nun centro social.

A actuación, que se atopa en proceso de licitación, inclúe a realización dos seguintes traballos: renovación da cuberta e da súa estrutura; demolición da escaleira exterior e realización dunha nova; planificación dunha nova distribución para os aseos; instalación dunha nova ven-

tilación mecánica e climatización mediante aeroterma; execución de novas instalacións de fontanería, saneamento e electricidade; renovación das carpinterías exteriores por outras de madeira pintada de branco e acondicionamento da fachada.

Está previsto que os materiais que se usen na obra sexan similares aos do resto de edificacións da zona para conseguir unha adecuada integración na contorna.

O prazo para presentar ofertas no perfil do contratante do Concello de Guitiriz remata o 19 de febreiro.

O Concello aproba un orzamento para 2024 de 5,5 millóns de euros

O pleno aprobou o orzamento do Concello para o ano 2024. Un documento equilibrado en gastos e ingresos que ascende a 5.529.431,97 euros, aumentando en 439.146,54 euros con respecto ao do ano 2023. A rexedora reitera "a aposta deste goberno polos servizos sociais, algo que desde a nosa chegada é innegociable, tentando tamén manter e mellorar na medida do posible as infraestruturas, os servizos e todo aquilo que viña percibindo a veciñanza".

O anexo de investimentos ascende este ano a 919.955,80 euros, 205.058,61 euros máis que o previsto inicialmente no orzamento do 2023. Así, incorpórase financiamento para a construción dun punto limpo no polígono (268.064,71 euros), o acondicionamento do núcleo de Pardiñas e a mellora de camiños (60.478,77 euros), o saneamento no núcleo de Mesón da Cabra en Trasparga (111.872,47 euros), a mellora da rúa Libertade (33.000 euros), a rehabilitación da antiga es-

cola de Outeiro (206.686,71 euros), a adquisición de equipamento para o ximnasio (3.907,99 euros), a mellora da cuberta e parámetros verticais do pavillón (20.590,02 euros), investimentos en infraestruturas do Plan Único 2024 (158.355,24 euros), adquisición de mobiliario para o Centro de Día (2.000 euros), para o PAI (3.000 euros), e de equipos informáticos (2.000 euros), ademais do plan de mellora de camiños 2024-2025 (50.000 euros).

ORZAMENTO SOCIAL. O apartado de gastos correntes ascende a 4.596.976,17 euros nos que destacan os destinados ao persoal municipal e que se xustifican en que a maior parte dos servizos ofrécenos o Concello sen recorrer á externalización (servizos sociais, recollida de lixo, mantemento de espazos públicos, de potabilizadoras e depuradoras...).

Consígnanse dúas novas prazas, que están pendentes de modificación da RPT, para un técnico do PAI

e de auxiliar de xeriatría do Centro de Día Casa do Capataz.

Mantense a consignación de crédito para a concesión de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro, axudas de emerxencia social, bolsas de formación, material escolar, axudas ao transporte e outras de ámbito educativo... Este capítulo representa un total de 73.200 euros.

Marisol Morandeira quixo destacar que, con respecto ao orzamento do ano 2023, hai un incremento de 131.275 euros dado á subida do prezo dos subministrados, como por exemplo o gasóleo, a electricidade e outros servizos prestados por empresas que subiron as súas tarifas como por exemplo a xestión das escolas deportivas, o mantemento das instalacións...

No apartado de dinamización social, turística, económica e de promoción continúa a aposta firme de promocionar os produtos locais e o potencial ambiental dos diferentes espazos do municipio.

Volven as rutas Btt e as camiñadas os domingos



Deu comezo a sexta edición do programa de sendeirismo Guitiriz en Ruta. Fíxoo cunha andaina pola Ruta a Auga na que participaron máis de 40 persoas.

O programa consta dunha andaina por mes, das que cinco son polo municipio, que son gratuítas, e as outras tres noutros concellos. A seguinte saída será o domingo 25 de febreiro e percorrerase a ruta do río Mera, en Lugo.

BTTeiros Cova da Serpe tamén

puxo en marcha a nova edición do programa BTTeando por Guitiriz, a sexta, unha iniciativa que integra unha serie de rutas en bici abertas para todos os públicos.

A primeira tivo lugar polas bidueiras en San Breixo. Sucesivamente en febreiro farán a ruta das Canteiras de Miraz en Friol, en marzo tocará o balneario de Guitiriz e en abril a ruta dos Muíños. Rematarán en maio coa Ruta da Pedra Díaz Castro nos Vilares.

Un Entroido con concurso e o regreso dos mecos

O martes 13 de febreiro Guitiriz celebrará o Entroido co tradicional desfile de disfraces, organizado pola Asociación Xermolos e o Concello, que comezará ás 17 horas e que partirá desde a Casa Habanera para chegar despois ao O Pavillón Polideportivo onde haberá música toda a tarde.

Este ano repartiranse un total de 695 euros en premios ás mellores comparsas e disfraces. No caso das comparsas: a mellor recibirá 200 euros e unha cesta de produtos típicos, e logo a máis orixinal, a de mellor música, a de máis humor e a de máis traballo, recibirá cada unha outros 70 euros. Nas individuais o primeiro premio será de 50 euros, o segundo de 20 euros e o terceiro de 15 euros. Para as parellas o primeiro premio será de 60 euros, o segundo de 40 euros e o terceiro de 30 euros. Ademais, as máscaras infantís recibirán diferentes agasallos.

Ademais, desde a organización propoñen un reto: encher o pobo de mecos. Para participar, hai que subir unha foto do meco ás redes sociais co #MECOXERMOLOS24. Non é necesario ser o creador, o anonimato estará garantido. O gañador, que o decidirá o xurado, non é unha persoa, é o meco, que será indultado e o resto serán retirados para queimalos no desfile do martes de Entroido.

OS VILARES. Os Vilares vivirá o Entroido o día 10 de febreiro, a partir das 16.30 horas. A sesión dará comezo coa concentración dos participantes na escola da Conchada. Dende aí desprazaranse ás distintas aldeas para rematar, ás 20.00 horas, de novo na Conchada, onde realizarán unha chocolatada de balde e degustación. Ademais, está previsto o sorteo do Goxo e agasallos para os disfrazados.

EN BREVE

UNED. A aula do Concello de Guitiriz da UNED Sénior abre un novo prazo de inscrición para as materias de música e inglés. As persoas interesadas poderán anotarse no Concello de Guitiriz ata o 15 de febreiro na sede do Concello, chamando ao teléfono 982 370 109 ou no mail info@concellodeguitiriz.com.

CINE. A asociación Xermolos xunto ao Festival de Cine de Roca organizan unha nova proxección. Será o venres 9 de xaneiro, ás 21:00 horas, na Casa Habanera, e proxectarase o documental *O Moredo. A resistencia do Entroido Ribeirao*, de David Vázquez. A entrada é de balde.

BISAVÓS. Arrinca *Que mola máis que un bisavó ou bisavoa?*, unha iniciativa que ten como obxectivo buscar aos bisavós e bisavoadas que vivan no municipio a través de fotografías que envíen os seus bisnetos e bisnetas. As imaxes serán expostas e os participantes recibirán un pequeno agasallo pola súa contribución.

<p>MILAR ALBOSAT tu tienda de electrodomésticos</p> <p>Avda. de Galicia, 42 27006 Vilaalba (Lugo) Tel.: 982 510 501 655 470 030 info@albosat.es www.albosat.es</p> <p>Servicio propio de reparación</p> <p>Venta y reparación</p>	<p>Plan Renove de electrodomésticos 2024</p> <p>Beneficio de hasta un 10% de descuento en la compra de nuevos electrodomésticos que reemplazan a los antiguos.</p> <table border="1"> <tr> <th>Electrodoméstico</th> <th>Beneficio</th> </tr> <tr> <td>Refrigerador</td> <td>10%</td> </tr> <tr> <td>Lavadora</td> <td>10%</td> </tr> <tr> <td>Placa de cocción</td> <td>10%</td> </tr> <tr> <td>Aspiradora</td> <td>10%</td> </tr> </table>	Electrodoméstico	Beneficio	Refrigerador	10%	Lavadora	10%	Placa de cocción	10%	Aspiradora	10%	<p>COMBI SAMSUNG RB34C775CS9 Frigorífico 250L/Congelador 114L Puertas reversibles</p> <p>99% - 100% 789,- Plan Renove</p>	<p>LAVADORA BEKO WRB615XW 15 Programas Programa 14 min</p> <p>41% - 100% 319,- Plan Renove</p>	<p>LAVADORA SIEMENS WG54G220ES Motor iQdrive 10 años de garantía Water Perfect Sensor 3G</p> <p>78% - 100% 699,- Plan Renove</p>	<p>PLACA BALAY 3EB967FR Encastrable 60cm Control táctil Función Sprint</p> <p>49% - 100% 399,- Plan Renove</p>
Electrodoméstico	Beneficio														
Refrigerador	10%														
Lavadora	10%														
Placa de cocción	10%														
Aspiradora	10%														

ELECCIÓN Á XUNTA

Galicia elixe o seu Goberno

O 18 de febreiro serán os comicios nos que se escolle ao presidente galego, que de cambiar sería o oitavo

En Galicia celebráronse xa once eleccións á Xunta desde o ano 1981

O 18 de febreiro haberá eleccións en Galicia para escoller aos representantes no Parlamento e con elas ao próximo presidente da Xunta, que podería ser o oitavo logo de once convocatorias.

Alfonso Rueda anunciou días antes do Nadal, ao finalizar o Consello de Goberno, a cita electoral. Esta declaración chegou nun momento no que o entón presidente da Xunta recibía presións por parte dos dous partidos maioritarios na oposición, especialmente polo PSOE. Ademais, este adiamento coincide tamén co debate pola aprobación da lei da amnistía. A data coincide tamén coa celebración do Entroido, unha das festas máis destacadas en Galicia, en especial nalgúns zonas como Ourense. Mentres a data parecía que traería queixas por parte dos partidos, ao final, este adiamento foi do gusto de todos os partidos. Para Galicia serán as duodécimas



eleccións logo do paso de oito presidentes, seis do PP e dous do PSOE. Actualmente o arco parlamentar está formado por 42 representantes do PP, 19 do BNG e 14 do PSOE.

Son varias as particularidades destas eleccións, nas que por primeira vez desde 2009 o candidato do Partido Popular non é Alberto Núñez Feijoo, que deixou a presidencia da Xunta o ano pasado para encabezar a lista do PP ás eleccións xerais. O galego obtivo un gran apoio das urnas pero contrariamente á predición das enquisas, non logrou a maioría absoluta que esperaba contando co apoio de VOX. Xa antes, nas

municipais, os populares tiñan gañado terreo, que logo non chegou a materializarse nas xerais. Alfonso Rueda lidera o partido tras un ano como presidente.

Para o PSOE estas tamén son unhas eleccións diferentes. Por primeira vez preséntase para liderar o partido un lugués, José Ramón Gómez Besteiro, que despois de varios anos fóra da política regresou pola porta grande volvendo ao panorama como delegado do Goberno en Galicia. Poucos meses despois deixou o cargo para presentarse ás eleccións xerais como deputado por Madrid e ser peza fundamental na negociación de Sánchez para formar goberno.

Foi nomeado candidato á Xunta sen oposición.

Para Ana Pontón o reto está aí. Como a segunda forza máis votada nos anteriores comicios, ten ante ela o obxectivo de derrotar a Alfonso Rueda por unha banda e impedir que o PSOE lle arrebatase escanos para manterse por riba, polo que, en caso de ter posibilidade de pactar poda ser a primeira muller presidenta en Galicia. Con todo moi apertado dúas forzas poderían cambiar a balanza, Sumar e Democracia Ourensana, que restarían votos aos partidos maioritarios e que poderían cambiar o curso dunhas eleccións nas que nada está decidido.

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA
www.ocioengalicia.com

PARTIDO POPULAR

Elena Candia, dúas décadas de logros políticos como aval para apoiar a Rueda

Elena Candia, nada no 1978 en Mondoñedo, na parroquia do Carme, licenciouse en Dereito na Universidade da Coruña e iniciou o seu doutoramento no estudo de entes locais. A súa experiencia profesional está vinculada co mundo das aseguradoras, xa que foi responsable dunha oficina de seguros no seu Mondoñedo natal.

Leva máis de dúas décadas vinculada ao mundo da política. Deu os seus primeiros pasos no ámbito local como concelleira do seu municipio no 2003 tras formar parte da lista liderada por Luis Rego e coa que lograron unha ampla maioría. Catro anos despois presentouse como cabeza de lista pero os resultados foron outros para o partido, pois dos sete edís que acadaron nos anteriores comicios, só mantiveron catro. Foi voceira do Grupo Provincial do PP na Deputación de Lugo dende finais do 2011 e fíxose coa presidencia desta institución dende xullo ata outubro do 2015. A toma de posesión foi para ela toda “unha sorpresa”, tras o empate a 12 votos co socialista Darío Campos, e asumiu o rol coa firme aposta polo “progreso e o desenvolvemento económico da provincia”.

No 2015 conseguiu recuperar a alcaldía de Mondoñedo grazas a unha maioría que ampliou nas eleccións do 2019. En marzo do ano seguinte renunciou ao bastón de mando para encabezar a lista das autonómicas e foi substituída por Manuel Otero, pero mantívose na corporación. Dende o 2016 ocupa a Presidencia Provincial do PP de Lugo tras unha clara vitoria sobre Raquel Arias e en maio do 2022 tomou a Vicepresidencia primeira do Parlamento tras a renuncia de Diego Calvo. Neste

mesmo ano foi proposta pola xunta directiva local, co apoio unánime de todos os afiliados, como candidata dos populares á alcaldía de Lugo, labor que recoñeceu asumir “con humildade, porque todo o que son débollo ao PP de Lugo”.

Un plan para o retorno de lucenses para traballar na cidade e outro para o coidado de nenos de familias monoparentais formaban parte das máis de 140 medidas “consensuadas cos lucenses” e presentadas no seu programa electoral para facerse co consistorio nos comicios municipais do 12 de maio. Tras a cita coas urnas, os populares lograron os segundos mellores resultados da súa historia dende que perderon a maioría absoluta no 1999, acadando o 43,57 % dos votos e 12 escanos. Deste xeito, quedáronse a un escano de lograr a maioría absoluta, polo que Lara Méndez puido reter a

“Queremos colaborar e afastarnos de calquera confrontación”

alcaldía revalidando o bipartito co BNG, bipartito que tamén conseguiu manter a Deputación. Dende a oposición, a voceira popular e responsable da área de economía destacou que a súa folla de ruta sería o seu programa electoral. “Queremos cooperar e apartarnos de calquera tipo de confrontación”. Entre as últimas propostas do seu equipo atópase desenvolver unha Concellería de Maiores, crear unha mesa de traballo para a praia fluvial ou que o Goberno local lidere un



plan de permutas agrícolas nas parroquias con maior presenza do sector primario.

A tamén membro da Comisión de Igualdade da Federación Española de Municipios e Provincias e número un da lista popular por Lugo ao Parlamento declárase defensora da “política realista, a de tomar as medidas que os galegos precisamos e merecemos, a de cumprir a palabra, a de atender ás persoas e a de apoiar o desenvolvemento da provincia; non a de prometer antes das eleccións e cambiar de opinión despois”, así o asegurou nunha xuntanza co presidente do PPdeG, Alfonso Rueda. A mindoniense aposta por “facermos unha campaña contando a verdade á xente”, que “xa sabe o que aportou o besteirismo e o nacionalismo á nosa provincia” e que “non sería positivo que se trasladase a Galicia”. Ao contrario do PSOE e do BNG que “presumen constantemente do que carecen”, Candia asegura que o seu partido xa “ten demostrado traballar dende a seriedade e pegado ao territorio”.

CANDIDATOS

1. María Elena Candia López
2. Javier Arias Fouz
3. Alfonso Villares Bermúdez
4. Cristina Sanz Arias
5. José Manuel Mato Díaz
6. Raquel Arias Rodríguez
7. José Manuel Balseiro Orol
8. Enrique Barreiro Sánchez
9. María Encarnación Amigo Díaz
10. Nicole Grueira Fernández
11. Katherinie Varela Fernández
12. José Luís Novo Teijeiro
13. María Alicia López Rodríguez
14. Pablo Figueiras Reguera

Suplentes

1. Aurora Aida Goas Castro
2. José Fernández Carrete
3. Miguel Ángel Fernández González
4. Saray Ventura Fernández
5. Verónica Soto Piñeira



PARTIDO S

Xosé Ramón Gómez Besteiro, o candidato lugués que opta á presidencia da Xunta

Xosé Ramón Gómez Besteiro non só liderará a cabeza de lista do PSdeG-PSOE nos comicios autonómicos á Presidencia da Xunta do vindeiro 18 de febreiro, tamén será o candidato pola provincia de Lugo, acompañado pola exalcaldesa da capital lucense, Lara Méndez, seguida da ex alcaldesa de Trabada, Mayra García. Besteiro, nado en Lugo en 1967, estudou Dereito e, ao finalizar os seus estudos, afiliouse ao PSOE. Avogado de profesión, participou na vida pública do Concello de Lugo entre o ano 1999 e o 2007 como voceiro municipal socialista e concelleiro de Urbanismo. No 2007 deixou estes cargos para presidir a Deputación de Lugo ata o

o encabeza é o candidato Miguel Tomé, convencido do gran resultado e coa determinación a actuar en Galicia liderado por Besteiro. “É urxente activar a política, no que a provincia será determinante, e non deixarán de estar co PP, porque os socialistas en marcha un novo horizonte de esperanza, de ilusión e de novas oportunidades para o futuro que merece a nosa provincia”, afirmou Tomé. Besteiro comprométese a un Goberno “que d

CANDIDATOS

1. José Ramón Gómez Besteiro
2. Lara Méndez López
3. Mayra García Bermúdez
4. Miguel Tomé López
5. Teresa Fernández Pérez
6. Jaime Losada Sobrado
7. Elena Cordero Becerra
8. Manuel Eduardo Fernández Varela
9. Catalina Fernández Méndez
10. Roberto Castro González
11. Marina Ramudo Graña
12. Miguel Ángel Vilar Rivas
13. Silvia Rodríguez Díaz
14. Jorge Val Díaz

Suplentes

1. Miguel Ángel Crende López
2. Olimpia López Rodríguez
3. Pablo Núñez González
4. Ana M^a Hortas Alonso
5. Miguel Caloto Conde



ano 2015.

Xa no ano 2023 foi designado como delegado do Goberno en Galicia e agora preséntase como candidato do PSOE á Presidencia da Xunta de Galicia.

O candidato, que encabeza a lista por Lugo, di que presenta “un equipo sólido, con traxectoria de xestión en distintos niveis da administración, con perfís profesionais de diversos ámbitos, que aportan experiencia e xuventude, e que representan á totalidade do territorio da provincia de Lugo”.

O secretario xeral dos socialistas en Lugo, José Tomé Roca, sostivo que “Lugo aporta o mellor equipo dos que se presentan a estas eleccións autonómicas, e temos a sorte de que quen

e “que conteste”, cando representa ao “galego” para resolver os “verdadeiros problemas dos galegos e das galegas”. En concreto, Besteiro

“É urxente cambio en Galicia, vai ser determinante”

Monforte, sostivo que “vai á fronte do Goberno” e que “querá o Porto Seco” e “o nodo loxístico de referencia”. Tamén visitou a moza onde o candidato s

SOCIALISTA

ez
ato
nta

didato”, subliñou de que “vai ter un contribuír de maneira a variar o cambio en Besteiro”.

o cambio en Galicia de Lugo vai xa que os lucenses discriminados polo alistas poñeremos o proxecto de ón, de impulso e dades, traballan e necesita e que “vincia”, recalcou

étese así a liderar a verdade”

rou que “a Atención Primaria precisa dunha nova estratexia e dun forte compromiso por parte da Xunta para recuperar o prestixio e a importancia que ten na cadea sanitaria”.

Con respecto ao ámbito sanitario, o socialista tamén promete que, ao chegar á Xunta, implantará en toda Galicia o modelo público de residencias que creou á fronte da Deputación de Lugo, xa que nunha visita á residencia de Meira explicou que “aquí os maiores son tratados coma na casa, en centros pequenos e ben atendidos, sen ter que marchar do seu pobo, e pagan o xusto en función da súa capacidade patrimonial”.

Ademais, reclama recursos materiais e



un PSdeG que guismo útil” para “meiros problemas” galegas.

ro, nunha visita a

e activar o
 Galicia, e Lugo
erminante”

que cando estea o galego, desblo- e converterao en ferencia en Galicia. ontaña lucense, socialista conside-

humanos para que os concellos poidan afrontar a limpeza dos granulados sen custo, así como “información científica e transparencia que permita afrontar a situación con tranquilidade”. Ademais, a terceira na lista, Mayra García, ex alcaldesa de Trabada, sostén que Besteiro executará as obras da Vía de Alta Capacidade Costa Norte de Ferrol a San Cibrao para a mobilidade e o desenvolvemento da comarca mariñá e daralle á Mariña o impulso do que o PP nos leva privando dende hai 15 anos”

Outra das iniciativas que leva o candidato socialista no seu programa é a aposta dende a Xunta de Galicia por apoiar ás empresas “que creen emprego de calidade e proxectos industriais que fixen poboación”.

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO



CANDIDATOS

1. Olalla Rodil Fernández
2. Daniel Castro García
3. Montserrat Valcarcel Armesto
4. Iago Suárez Fernández
5. Iria Cotelo Cociña
6. Martín Gómez Souto
7. Pilar Vázquez Sánchez
8. Alejandro Varela Rubín
9. Beatriz Cedrón Vilar
10. Eloi Cabanas Ramos
11. Rosa Ana Prieto Florines
12. Mario Outeiro Iglesias
13. Alejandra Fernández Cillero
14. Miguel Gómez Fraga

Suplentes

1. Bernardo Valdés Paços
2. Wanesa Gómez Lourido
3. Manuel Luaces Fernández
4. María Dolores López Cayón
5. Xosé Manuel Becerra Pardo

Olalla Rodil encabeza o BNG provincial desde o 2016 e é voceira suplente

Olalla Rodil, nada en Ribeira de Piquín, é xornalista pero é máis coñecida polo seu labor político no Bloque Nacionalista Galego. É licenciada en Publicidade e Relacións Públicas pola Universidade de Vigo e conta cun mestrado de Estudos Internacionais. Tamén traballou como redactora.

Foi cabeza de lista da provincia de Lugo polo BNG nas eleccións xerais de España de 2016 e 2019, nas do Parlamento de Galicia de 2016, na cal saíu elixida deputada do Parlamento, e 2020.

Na actualidade ocupa o cargo de voceira suplente do Bloque Nacionalista Galego no Parlamento de Galicia e tamén é a vice-coordinadora de comunicación da executiva nacional do mesmo partido.

Rodil ten propostas dirixidas ás persoas maiores no eido da dependencia e da promoción da autonomía persoal. Son medidas que buscan “garantir o dereito a envellecer no propio fogar coas mellores condicións de vida, achegando os apoios e servizos necesarios que garantan o seu benestar”. Tamén afirmou que o BNG poñerá a disposición de todas as persoas maiores unha “rede de servizos públicos fortes” que permitan envellecer nas casas, xunto cun programa de prevención da dependencia e de promoción da autonomía persoal.

O BNG estruturará estes servizos a través do Servizo Galego do Benestar, “un sistema de xestión público, similar ao Sergas, que garanta o acceso de toda a poboación aos servizos sociais”. Ademais, propón reformular o modelo do Servizo de Axuda no Fogar. No relativo á Sanidade di que “levamos trece anos de recortes, privatizacións, con precariedade no persoal médico e colocando á sanidade pública na situación límite que ten



neste momento”, así mesmo, explica que “unha das primeiras medidas a poñer en marcha é o Plan de Mellora da Atención Primaria, cunha partida de 200 millóns de euros para reforzar a porta de entrada á sanidade pública”. Segundo Olalla Rodil, “temos que cambiar o modelo actual por un no que as persoas sexan o centro, baseado en equipos de profesionais en número suficiente que poidan atender en condicións ás necesidades da veciñanza”.

Sobre o rural opina que “dar axilidade,

“Poñeremos a Lugo no mapa mellorando as infraestruturas”

dende a administración, a todos os expedientes relacionados co medio rural” así como “mellorar a dotación de infraestruturas e servizos con especial énfase nas zonas rurais máis afastadas”.

Tamén estableceu como prioridade “un plan de mobilidade no rural, con rutas e horarios suficientes para asis-

tencia prioritaria no ámbito da educación, sanidade e servizos sociais” e engadiu a necesidade da “recuperación de vivendas no rural e creación dun banco de vivendas, establecendo un marco de colaboración entre o IGV, os Grupos de Desenvolvemento Rural, a FEGAMP e as Deputacións Provinciais”.

A candidata do BNG afirma que, a partir do 18 de febreiro, o BNG traballará para “crear oportunidades para impulsar economicamente tanto a cidade como a provincia de Lugo”, para o que “poñeremos a Lugo no mapa mellorando as infraestruturas e a conectividade, garantindo que non se perda nin unha soa oportunidade económica por falta de infraestruturas”.

Rodil indicou que para BNG é unha prioridade a cohesión social e a vertebración. “Para iso a mobilidade é unha cuestión fundamental. Lugo non pode ser a única cidade de Galiza que teña conexións ferroviarias do século pasado”.

O BNG traballará tamén na mellora das condicións laborais das traballadoras e traballadores, tamén en materia de conciliación, tendo en conta as necesidades nas contornas laborais. Sobre o I+D+i di propón un nivel de investimento que sitúe Galicia progresivamente no horizonte europeo e no que se refire á carreira investigadora, di que se inclúa a todo o persoal investigador e o persoal técnico e de xestión porque “sen técnicos e sen xestores de proxectos non hai ciencia”, apuntou Rodil. A terceira gran proposta do Bloque é un programa de retención, captación e retorno do talento “que sexa ambicioso e estable a través da creación do Innogal”, unha entidade similar ás que funcionan con éxito en Euskadi e Cataluña”.


O PROCESO ELECTORAL PARA ESCOLLER 75 PARLAMENTARIOS

O obxectivo é controlar os 38 escanos que dan a maioría absoluta

As eleccións ao Parlamento de Galicia reparten un total de 75 escanos, polo que o principal obxectivo de cada partido é lograr os 38 que dan a maioría absoluta e evitan os pactos, tanto para poder gobernar como para perder a presidencia.

Catro trazos definen as eleccións galegas. A primeira é que se fan listas por circunscrición provincial plurinominal. O sistema para o reparto de escanos é o D'Hondt, o mesmo que se utiliza nos diferentes comicios en toda España. Para lograr representación existe unha barreira, que é obter o 5% dos votos válidos (suma de votos da candidatura e votos en branco). Se non se obtén o escano eses votos irán para o partido máis votado.

A provincia de Lugo escollerá 14 parlamentarios, ao igual que Ourense



A última característica deste sistema é a lista electoral pechada e bloqueada cumprindo a proporción de dúas persoas de cada sexo por cada cinco postos. A lei electoral autonómica establece que a repartición dos 75 escanos entre as provincias realízase asegurando un mínimo de dez escanos por provincia e posteriormente repártense os escanos proporcionalmente á po-

boación. Esta repartición concede a Lugo e a Ourense 14 cada un, mentres que A Coruña lévase 25 e a Pontevedra correspóndenlle outros 22.

Os diferentes partidos que concorreron ás eleccións elaboraron unha lista que require un mínimo de 14 candidatos pola provincia. A luguesa conta con dez candidaturas, que se repiten en todas as provincias, agás en Ourense,

onde tamén concorre Democracia Ourense, un partido de tendencia conservadora. Unha vez escollidos os parlamentarios, haberá que facer efectivo o nomeamento do presidente. Os candidatos que o desexen presentarán o seu candidato para dirixir o Goberno e procederase á votación. En primeira volta deberán obter unha maioría absoluta (38 votos).

UN TOTAL DE DEZ CANDIDATURAS NA PROVINCIA

Ademais do PP, BNG e PSOE preséntanse este ano outras sete listas electorais en Lugo

Os comicios galegos de 2024 contarán cun total de dez listas electorais pola provincia de Lugo. Repiten, por suposto, as tres máis votadas, o PP, BNG e PSOE, pero tamén configuráronse candidaturas para outras sete.

Así, haberá candidatos para outros tres partidos con representación tamén no Congreso dos Deputados. Entre estas destaca a de Sumar, que preside por Lugo José

Antonio Rodríguez Añón. Este partido, de vinculación á esquerda, está en coalición co partido de Pedro Sánchez no Goberno. Tamén presenta os seus candidatos Podemos, que nos comicios municipais, foron en coalición con Sumar. Preside a lista Ximena Cheda. A formación violeta non logrou aínda representación en Galicia.

Tamén VOX presenta a súa lista,

onde repite Sonia Teijeiro. Esta formación, que xa se presentou nas anteriores, non tivo ata o de agora representación. Os partidos independentes de Galicia Sempre e Compromiso por Galicia elaboraron a súa lista por Lugo (ECG) na que Castro López Gavín busca representación. Completan a oferta tres partidos minoritarios que aínda non tiveron apoio suficiente para lograr algún tipo de representación, o partido animalista PACMA, o PUM+J (Por un Mundo Más Justo) e Escanos en Branco, que ten un obxectivo de partido protesta e que loita polos escanos baleiros.

PACMA

1. Consuelo Pereiro Fernández
2. Omar Moruñño Real
3. Irma Fitó Egea
4. Patricia Fernández Virgós
5. José Francisco Vázquez Brañas
6. María Begoña Pais Riveiro
7. Luis Miguel González Seijas
8. Almudena Santos González
9. Jéscica Pasantes Vázquez
10. Miguel Lago López
11. María del Pilar Grandal Azpeitia
12. Sandra María Souto Álvarez
13. Alberto David Pérez Baldomir
14. Sergio Villaverde Alfonso

Suplentes

1. María Díaz-Rincón Tiessen
2. José María González Martín
3. Montserrat María García Valls

SUMAR

1. José Antonio Rodríguez Añón
2. Diego López Dapena
3. María Teresa Rodríguez Chao
4. José Manuel Díaz Grandío
5. María Jesús Rodríguez Rodríguez
6. María del Carmen López García
7. Olga María López López
8. Xoan Trigo González
9. Nieves Pérez Rodríguez
10. Noel Dopazo Vázquez
11. María Isabel Sánchez Corral
12. Roberto Vicente Yáñez Frieiro
13. Guillermo Aijón Barreiro
14. María Reyes Rodríguez Pérez

Suplentes

1. Lucía Eres Rigueira
2. Libertad Fraga Grueiro
3. Xaquín López Gómez
4. Manuel Lago Berdeal
5. Isabel Fraga Grueiro

ESCANOS EN BRANCO

1. Miriam Fernández Gómez
2. César Fernández Viqueira
3. María Irene Lamela Ocampo
4. Javier Romay Fernández
5. María del Mar Viso Fernández
6. Jose Julio Fernández Sobrado
7. Esperanza Rosalía Gómez López
8. Jorge Pérez Polin
9. Lara Abelleira Yañez
10. Adrián Lage Blanco
11. María Estrella García Pardo
12. Pablo Lage Blanco
13. Ana María Pérez Gay
14. Juan Julio Carballeira Villares

PUM+J

1. Roger Adolfo Calabuig Hernández
2. Priscila Navarret Rodríguez
3. Gerardo F. Castedo Balbuena
4. María Teresa Bugallo Castiñeiras
5. Manuel Pérez Castro
6. María Nuria Villabona Río
7. Juan Luis Fernández Rodríguez
8. Leticia López Cancelo
9. Manuel Alejandro Garrido Reboredo
10. Rafael Veiga de Diego
11. María Ángeles A. Sáenz Díez Cabello
12. Gerardo Silva López
13. M^{ra} Mar Mtnez Lacaci Valderrábano
14. José Manuel Real Fernández

VOX

1. Sonia María Teijeiro Pérez
2. Jorge Juan Núñez Díaz
3. Noelia Rabanal González
4. Miguel Ángel Rey Batan
5. Félix Cienfuegos Rivas
6. Ángel Francisco Lamela Fouz
7. Elisa Victoria Navarro Álvarez
8. Verónica Pena Gómez
9. Verónica Arroyo López
10. Rubén Graña Fernández
11. Ramiro López López
12. María José González Antolín
13. Ana Belén Rego Sampedro
14. Jacobo Gayoso Rodríguez

ECG

1. Castor López Gavín (GS)
2. Nuria Mera Balboa (GS)
3. Pablo Corbelle González(GS)
4. Tamara Simón Ferreiro(GS)
5. Saul Sánchez Fraile
6. Marta López Abeledo (GS)
7. Manuel Martínez Rodríguez (GS)
8. Carmen Río Mourín(GS)
9. María Dolores Muñiz Cabanas (GS)
10. Jordi Blengua Penedo
11. Uxía Núñez Porto (GS)
12. Xaime Manuel Requeixo Souto
13. Jose Manuel Núñez Ferreiro (GS)
14. Patricia Ferreiro Rodríguez (CxG)

Suplentes

1. Ana María Pereiro Mourelo (GS)

PODEMOS

1. Ximena Cheda Tuya
2. Fernando Otero Bello
3. Carla Varela Porto
4. Francisco Farias Hernández
5. Myriam del Carmen Lira Kornfeld
6. José Luis Basulto Ruíz
7. María Carmen Galvan González
8. Aitor Aceiro Vales
9. María Angeles Gayoso Fraga
10. Carlos Castro Castro
11. Sandra Graña Moreno
12. Óscar López Corral
13. Andrea Farias Asegurado
14. Orencio Orosa García

Suplentes

1. José Méndez Torres

Licitada a restauración da fachada principal da igrexa de Santa María

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades vén de licitar as obras de restauración da fachada principal da igrexa de Santa María de Meira, cun orzamento de 156.500 euros.

Actuarán sobre os paramentos para resolver danos froito da climatoloxía e da erosión, como a filtración de humidades, fisuras e gretas, tal e como se recolle no inicio do procedemento administrativo publicado na Plataforma de Contratos Públicos

de Galicia. Así mesmo, inclúese a intervención en elementos singulares: a portada románica, a porta principal e a porta tapiada do baptisterio, o rosetón, as xanelas, a torre do reloxo e un tramo da fachada sur ata o primeiro contraforte.

Por último, mellorarase as condicións de accesibilidade ao templo, substituindo a actual rampla metálica por outra de pedra e con menor pendente, e no acceso á torre do reloxo colocárase pavimento antidesli-

zante e unha varanda.

As empresas interesadas en optar á licitación poden presentar as súas ofertas ata o día 7 de febreiro. O prazo máximo de execución das obras será de seis meses e a previsión é que poidan comezar na primavera.

A igrexa de Santa María ten a consideración de Ben de Interese Cultural coa categoría de monumento. Trátase dun templo cisterciense do século XII que formaba parte do mosteiro beneditino, hoxe case desaparecido.

riotorto

O TSXG dá a razón ao Concello polo corte de auga a un exedil do PSOE

Nunha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia afirmase que o corte de auga que o alcalde de Riotorto, o popular Clemente Iglesias, decretou en 2021 ao entón voceiro municipal do PSOE, José García, foi legal. Polo tanto, queda desestimado o recurso que puxo o socialista.

Segundo a sentenza, José García consumía auga da traída municipal na súa propiedade situada en Espasande de Abaixo, tal e como el mesmo recoñeceu, e que o seu contador de auga non rexistrou ningún tipo de consumo durante seis anos, polo que entende que o alcalde tiña a obriga de solucionar esa

situación. Engade esta que aínda que José García pagase o mínimo establecido pola auga, iso non implica que esa situación fose correcta e subliña que é necesario pagar o consumo que se realice.

Estes feitos xeraron unha gran polémica no seu momento xa que o socialista fixo pública a situación acusando ao alcalde de tomar unha medida "caciquil, déspota e incoherente". Pola súa banda, o alcalde, Clemente Iglesias, sempre defendeu que non había ningún tipo de lectura que avalase as afirmacións de García acerca de que sempre abonara o seu consumo de auga.

Convocado de novo o concurso de debuxo e poesía Avelino Díaz

Os concellos de Meira e Riotorto veñen de convocar a sexta edición do Certame de Debuxo e Poesía Avelino Díaz, aberta a toda a poboación e co obxectivo de loubar a figura deste representante da cultura na zona.

O concurso dividirase en catro categorías de idade, de 3 a 8 anos, de 9 a 12, de 13 a 17 e de 18 en diante. Os máis pequenos só terán categoría de debuxo e os demais só a de poesía.

O prazo de presentación é ata o 17 de maio e o lugar de recollida de traballos é a Asociación Avelino Díaz de Meira. Establécense tres gañadores en cada categoría. Para os máis pequenos os agasallos serán de diplomas, lotes de material escolar ou libros. O gañador na categoría de 9 a 12 anos recibirá un libro electrónico, o da seguinte categoría unha tableta e os adultos terán un premio económico. 300 para o gañador, 200 para o segundo e 100 para o terceiro.

Arranca o Entroido 2024 con candeas e mecos



O Concello de Meira fixo público o seu programa de Entroido, que terá lugar o luns 12 de febreiro.

O domingo 4 celebrouse feira d pola tarde saíron os mecos ou espantallos que se elaboraron por parte dos colectivos. Estes mecos estarán expostos na rúa ata rematado o Entroido, o mércores de cinza, día 14 de febreiro.

Así, a vila volverá contar co seu popular concurso de disfraces na noite do luns. A celebración terá lugar no pavillón municipal. A festa dará comezo ás 19.30 horas con animación musical polas rúas da vila coa charanga 555 e a partir das 22.00 horas terá lugar o baile e desfile no pavillón animado pola música do dúo Belinda.

O concurso de disfraces terá lugar a media noite e contará con preto de 1.500 euros en premios. Así, as cinco primeiras comparsas recibirán 300, 150, 100, 60 e 40 euros respectivamente. Por parellas haberá 120, 90, 70, 50 e 30 euros en premios. En individual os premios serán de 110, 70, 50, 40 e 30 euros. Ademais, haberá un premio especial da Asociación de Comerciantes e Autónomos de Meira por valor de 150 euros para o mellor disfra-

ce meirego. Por outra banda, ACEA sorteará antes do concurso, un lote de produtos de entroido. As rifas repartirase nos locais asociados á ACEA coas compras que se fagan nos días previos ao sorteo.

As inscricións para o concurso realízanse no Concello de Meira, de luns a venres, das 9.00 horas ás 14.00 horas, en persoa ou a través do teléfono 982 330 102, ou ben o mesmo día do desfile entre as 22.00 e as 24.00 horas.

COLEXIO. A anpa do CEIP Avelino Díaz organiza unha festa de Entroido o luns 12, a partir das 16.30 horas no pavillón municipal. Está prevista a realización de xogos para todos os nenos e está convocado un concurso de disfraces con premios nas categorías habituais, individual, parella e comparsas. Haberá tamén merenda para todos.

VERBENA DAS CANDEAS. O prólogo das festas foi a recuperación da Verbena das Candeas, unha celebración de moito arraigamento na vila, que levaba sen celebrarse máis de dez anos na súa totalidade. Esta tivo lugar o día 2 co popular Baile do Farolillo.

Dúas celebracións de Entroido na localidade

O Riotorto CF organiza o tradicional Entroido que será o luns 12 a partir das 23.00 horas no pavillón do colexio. Contarán coa actuación do dúo Eclipse para amenizar a festa.

Haberá premios para os mellores disfraces, así na categoría de grupos e charangas o premio será de 500 euros, para parellas será de 200 euros e o individual levará 100 euros.

O Concello organiza unha festa infantil o martes 13 de febreiro. A xornada, que será de 17.00 a 20.00 horas, contará con inchables e talleres ademais do tradicional desfile. Despois da festa ás 20.00 horas, que se celebrará no pavillón polideportivo, poderase desfrutar de chocolate con churros.

RESTAURANTE PARRILLADA
O'Adro
COMIDA PARA LEVAR
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...
Ven a probar os nosos cocidos
O Adro, Lanzós 27816
VILALBA - LUGO
982 52 58 65 - 626 23 71 56

BOSCH Service
¡Para todo lo que tu automóvil necesita!
Reparaciones Carlos, S. L.
Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
jcpnelas@bosch-bcs.com

Begonte impulsa un taller de musicoterapia

A Escola Galega de Saúde organiza o 19 de febreiro un taller de musicoterapia, totalmente gratuito e dirixido á poboación adulta, coadutores e cidadanía en xeral, que terá lugar na casa da cultura.

A musicoterapia é o emprego da música e os seus elementos nun proceso deseñado para facilitar e promover a comunicación, a aprendizaxe e a expresión coa finalidade de mellorar o benestar físico, psíquico, social, emocional e cognitivo das persoas favorecendo deste xeito unha mellor calidade de vida.

O traballo que se realiza nas sesións de musicoterapia baséase nun modelo de atención centrado na persoa, adaptado ás capacidades, habilidades e necesidades de cada individuo.

Remata unha exitosa edición do belén coa entrega de premios

A última edición do belén de Begonte chegou ao seu final cun acto no que se nomeou socio de honra a Jesús Domínguez Guizán, ex presidente da Asociación que leva o nome do seu irmán José, promotora do belén. Jesús Domínguez, que tomou o relevo na presidencia do belén de Begonte ao pasamento do seu irmán José en 1986, estivo á fronte das actividades do Nadal begontino e do belén durante trinta e sete anos, deixando a presidencia a petición propia para dar paso a unha nova directiva.

Neste mesmo acto fíxose un especial recoñecemento a Pilar Gómez Rodríguez, viúva do creador, José Rodríguez Varela, falecida o pasado

mes de marzo.

Tamén se entregaron os premios. O de Xornalismo sobre o Nadal recae en a Luís Latorre Real, por *El Belén de Begonte, guardián de nuestros recuerdos*, publicado no seu blog persoal. O premio está dotado con 600 euros.

O segundo, dotado con 300 euros foi para Xoán neira, por *Unha luz certa*, publicado nun diario.

O xurado acordou conceder tamén unha mención de honra, dotada con estatuiña de Sargadelos, a José Ramudo Pol – Pepe Pol- polo seu artigo *Doña Pilar, el Belén de Begonte y un niño*, publicado on line.

O de Poesía foi para María Soledad García Riveiro, de Nigrán (Ponteve-



dra), polo poema titulado *Bethleleém*. O segundo premio, dotado con 300 euros e figura correspondeu para José Otero Canto polo poema presentado co lema *Luces sacrae*, titulado *Ao neno levade lélías de música e poesía*.

Pola calidade dos traballos concedéronse dúas mencións de honra, dotadas con figura de Sargadelos. Foron para David Corral Díaz, begontés residente en Ferrol, polo poema presentado co lema *Alecrín*, titulado *Un neno, noso veciño*. O outro foi para

Manuel Laespada Vizcaíno, de Albacete, polo poema *Postales del Belén*. En Arte, o premio foi para José Manuel Peña Romay con mención de honra para Santiago Lago Canzobre. No concurso de debuxo infantil repartíronse tamén moitos premios. Na categoría A, para nenos ata 10 anos o primeiros premios foron para Dídac García Díaz, Allin Constantin Gheorghie e Daniela Martínez Lorenzo. Na categoría B, os gañadores foron Andrea Montero Moreira, Alba Torres López e Antía López Eijo.

O tradicional concurso de Entroido begontino será o día 17 de febreiro

O Entroido volve a Begonte este ano coa celebración dunha nova edición do Concurso de Disfraces e Comparsas 2024, co que se pretende, segundo explica a organización, “consolidar o Entroido como unha festa de tradición popular”.

A celebración está prevista para o sábado 17 de febreiro ás 16.30 horas cun desfile en Baamonde para o que o prazo de inscrición rematará o mércores 14 de febreiro ás 14.00 horas.

Haberá tres premios para adultos en categoría individual (de entre 100 e 50 euros) e cinco en comparsas (entre 500 e 80 euros) e tres para os disfraces realizados para individuais ou comparsas para veciños de Begonte. Neste caso os pre-



mios serán de 80 a 60 euros para o primeiro grupo e de 200 a 100 para o segundo.

Establécese unha categoría de parellas e tríos con premios de 120 a 60 euros e outra de individual infantil (100- a 50 euros), que terán o seu homólogo no de Begonte.

O parque zoolóxico de Marcelle reabre as fins de semana a partir deste mes

O parque zoolóxico de Marcelle, situado no termo municipal de Outeiro de Rei, abre esta fin de semana as súas portas trala pausa invernal.

O centro manterá un horario só de fins de semana, entre as 11.00 e as 19.00 horas, horario condicionado pola luz solar.

Durante o resto da semana o centro permanecerá pechado ata a tempada alta, a primavera, cando abrirá de forma continuada.

A organización lembra que este ano haberá novidades e novas incorporacións, que poderán ser visitados desde o primeiro día. De cara á primavera iniciaránse de novo as actividades coa mocidade.

Convocado o certame de videopoemas de novo

A Casa-Museo Manuel María organiza unha nova edición do concurso de videopoemas, a VII, que ten por finalidade a potenciación da creatividade artística a través da conxunción da palabra, o son e a imaxe, e o coñecemento e difusión da obra de Rosalía e Manuel María.

O concurso vai destinado a todo o alumnado galego de ensino non universitario a partir da ESO, podendo facelo tanto a nivel individual como grupal. Establécese unha única categoría, desde a ESO até segundo de Bacharelato, ESA e Ciclos Formativos.

Os videopoemas consistirán nun vídeo baseado nunha composición poética en galego de Rosalía ou de Manuel María. O poema deberá aparecer nalgún momento do vi-

deopoema, ben sexa impreso, recitado ou en calquera outra opción que se considere.

Os videopoemas presentaranse en formato MP4 e non poderán superar os 3 minutos, incluídos créditos se os houber. As obras deben ser orixinais e inéditas. En caso de usar música ou imaxes alleas, deberán ser materiais libres de dereitos de autoría.

Os centros participantes deberán realizar a súa preinscrición antes de 19 de marzo por correo electrónico en contacto@casamuseomanuelmaria.gal. Os traballos serán enviados por calquera medio dixital á Casa-Museo Manuel María antes de 14 de abril, mais sempre deberá ser comunicado dito envío ao enderezo electrónico seguinte: contacto@casamuseomanuelmaria.gal.

ATABERNA

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS NUESTRA CARTA

OLVIDATE DE TODO Y SABOREA BACIONES

REVUELTOS ALCO PICAR

HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERANO DE BARRIL ALCO SABOREAR TORTILLAS

ENSALADAS

PASTAS RAXO PATATAS

ALCO PARA COMPARTIR TAPAS

denais

bebés & mamá

Rúa Plácido Peña, 3, baixo
Vilalba (Lugo)
683 343

A Festa da Bola de Liscos e as Freces de Bretoña terá lugar este ano o 14 de abril

A Asociación de Amigos da Feira de Bretoña anunciou que a XIII edición da Festa da Bola de Liscos e Freces de Bretoña terá lugar finalmente o domingo 14 de abril, no concello da Pastoriza, continuando coa recuperación da mesma. A data, escollida inicialmente para o 21 de abril, tivo que ser modificada por problemas de axenda.

Trátase dunha celebración que busca ser declarada Festa de Interese Turístico de Galicia e que organiza unha remodelada Asociación de Amigos da Feira de Bretoña. Na edición do ano pasado repartíronse unhas 200 bolas de liscos e de 800 racións de freces entre os asistentes a este evento que desbordaron as previsións.

O Castro de Saa retoma os traballos cunha nova escavación

Este mes de febreiro darán comezo de novo os traballos de escavación no Castro de Saa, situado na parroquia pastoricense de Baltar, e que ten como obxectivo nesta ocasión descubrir parte do acceso á croa.

Novamente, esta escavación conta co financiamento de Agader e prolongarase durante un mes.

Os traballos previos para a escavación xa se fixeron e consistiron na retirada da capa vexetal do novo espazo que se vai escavar.

Os traballos darán comezo polo parte esquerda do acceso ao castro e a intención é continuar pola parte dereita, pero esa acción realizarase nun futuro próximo.

Traballarán nun espazo de 120 metros cadrados, desde onde rematou



a última escavación ata a entrada e teñen previsto iniciar novas escavacións durante o ano.

Desde que se iniciaron as escavacións, no 2026, quedaron á vista 1.200 metros cadrados do xacemen-

to durante varias campañas. Destapouse a muralla e con elas varias escadas de acceso, así como vivendas de distintas épocas e o seu sistema de canalización de auga. Os restos atopados foron postos en valor.

EN BREVE

ENTROIDO. A Pastoriza terá, un ano máis, a súa festa de Entroido o domingo 11 de febreiro nas instalacións da antiga ladrilleira. A festa dará comezo ás 13.30 horas cunha sesión vermú amenizada pola solista Verónica Cambón. Pola tarde está previsto o inicio do gran desfile de disfraces e o seu posterior concurso. Haberá chocolatada con biscoito e pola tarde volverá actuar Verónica Cambón.

PAI. O Concello da Pastoriza abriu un novo prazo de presentación de solicitudes de novo ingreso para o Punto de Atención á Infancia no presente curso ao ter unha praza vacante sen que exista lista de espera. O prazo de presentación de solicitudes remata o 26 de febreiro e esta ten que facerse pola vía habitual no Rexistro do Concello. Ademais de cubrir o impreso correspondente de solicitude, os interesados deberán presentar fotocopias dos DNI dos pais e do libro de familia, certificados de empadramento e documentos xustificativos da súa situación económica así como das incidencias familiares e sociais que podan influír na súa selección como seren familia numerosa, persoas con discapacidades ou similares.

CEA.-BAILE. A comisión de festas da Pastoriza organiza para o venres 22 de marzo unha cea con baile na antiga ladrilleira. A sesión dará comezo ás 22.00 horas e contará coa actuación dun grupo musical. Tamén haberá sorteo de agasallos e un menú a cargo do hotel restaurante Casa da Luz, que constará de arroz caldoso, xarrete estofado e sobremesa caseira. O prezo da celebración é de 30 euros cun prezo especial de 15 para os menores de 12 anos.

BAILE DE SALÓN. Os bailes de salón seguen na Pastoriza este inverno e abriron un novo prazo de matrícula, xa que quedan prazas libres. As sesións teñen lugar os martes a partir das 22.30 horas a un prezo de 50 euros por parella e 30 individual.

Outeiro de Rei celebra de novo o concurso de disfraces de Entroido

Un ano máis, con motivo do Entroido 2020, o Concello de Outeiro de Rei organiza por XXV edición do concurso de disfraces. A cita terá lugar o día 11 de febreiro (domingo de Entroido) a partir das 17.00 da tarde na praza da Vila, baixo carpa cuberta e amenizado polo grupo D'Nika.

O prazo para anotarse permanecerá aberto do 29 de xaneiro ao 9 de febreiro na casa da cultura de 10.00 a 14.30 horas ou ben o mesmo día de 17.00 a 17.45.

Xa están a disposición de todas as persoas interesadas as bases do concurso así como as follas de ins-

crución e información do mesmo, na paxina web do Concello.

A contía dos premios ascende a 2.080 euros. Premiarase ás tres mellores comparsas con 500, 300 e 200 euros. Os premios por parellas serán de 200 e 120 euros e en individual 150 e 100 euros, o mesmo que recibirán os dous mellores disfraces da categoría infantil.

Finalmente haberá tres premios especiais. Haberá un premio para comparsas de Outeiro de Rei, que ascende a 150 euros, e premios especiais do xurado de 90, 50 e 30 euros para outorgar a elección do xurado.

O BNG leva ao alcalde ante a Valedora do Pobo

O Grupo de Outeiro de Rei presentou, en tempo e forma, un total de dúas mocións para defender no Pleno do pasado 28 de decembro: unha sobre a creación dun CIM na localidade e outra cun paquete de medidas de fomento da lingua galega.

Segundo explica o BNG, na Comisión previa ao Pleno, o alcalde de Outeiro de Rei decidiu "unilateralmente" que só unha delas sería informada e pasaría ao Pleno; "nun criterio arbitrario xa mantido noutras ocasións". Así, no Pleno, só a moción dos CIM puido ser debatida, aprobándose por unanimidade.

Durante o Pleno, o BNG solicitou debater sobre a vía de urxencia, para poder incluír a segunda moción, "mais o alcalde negou sequera esta

posibilidade, retirando a palabra ao Grupo do BNG", explican. Xa anteriormente o alcalde fora advertido da ilegalidade da súa actuación.

Como explican, xa no mes de outubro, o alcalde de Outeiro de Rei impedira o debate dunha moción do BNG, baixo o pretexto de que non se trataba dun asunto de competencia do Pleno. Esta prohibición valeulle o apercibimento da Valedora do Pobo, que o reprende pola súa actitude, e instou ao Goberno Local a aprobar un Regulamento das sesións.

"A data da presente este Regulamento non só non foi aprobado, senón que o Concello de Outeiro de Rei nin sequera informou á Valedora ao respecto, como esta demandaba na súa comunicación", di o BNG.



Begonte

PSOE e BNG ocupan un asento cada un nunha Corporación de avultada maioría do Partido Popular



PSOE: “A política local é complicada, pero eu sempre estou disposta a escoitar aos veciños”

DATOS

HABITANTES: 2.925.
PARROQUIAS: 19.
EXTENSIÓN: 126 km cadrados.
PARTIDO XUDICIAL: Vilalba.
CORPORACIÓN: 9 concelleiros do PP, 1 do PSOE e 1 do BNG.
ALCALDE: José Ulla Rocha do Partido Popular.
VOCEIRA PSOE: Susana Ferreiro.
VOCEIRO BNG: Pablo Ares

PSOE

Begonte é un dos concellos da Terra Chá cunha maioría importante de concelleiros do PP. De feito, dos 11 que lle corresponden por poboación, ten 9 no Goberno, deixando un para cada un dos partidos da oposición. O PSOE tiña dous antes dos anteriores comicios e o BNG non tiña representación e nesta ocasión logrou recuperar presenza.

Á fronte do PSOE está Susana Ferreiro, que se incorporou ás listas no ano 2019, “foi un orgullo que os veciños e veciñas me desen esta oportunidade”, explica. Chegou ata o PSOE, como ela mesma asegura, “porque o meu alcalde ten un mal costume que é facer as cousas como lle parece sen consultar a ninguén e falei co que representaba á oposición, o meu compañeiro Serafín, e unha cousa levou a outra”.

Acabou encabeza a lista socialista e aí segue, agora cun bebé na casa. “A política local é un pouco complicada, ás veces sénteste sinalada pero eu sempre estou disposta a escoitar as queixas dos veciños e facerlles chegar esas queixas ao equipo de Goberno. Cando chega documentación dos plenos temos moi pouco tempo para revisala e iso é o peor pero intento facelo o mellor posible, falar cos veciños, coas aso-



ciacións”, explica vendo nese punto o apartado negativo do seu traballo, que compensa “coa satisfacción de saber que traballas polo que cres, que tentas aportar as túas ideas para mellorar a vida do teu pobo”.

Pero desenvolver o traballo na oposición é complicado. “Diría que o meu papel é lembrar iso, buscar acordos e tentar que non se governe de costas aos que non votaron á opción de Goberno, aínda que ás veces é difícil conseguilo. Cando non gobernas sintes moitas veces unha certa impotencia. A xente contaba contigo e sempre esperas poder facer máis dende a oposición”, explica.

Ata o momento o seu labor estivo sempre na oposición, aínda que o seu partido gobernou en coalición no ano 2007, “daquela investíuse en servizos públicos, como redes de saneamento e alumeadado”, explica. De feito, as liñas principais do seu programa van “polos servizos públicos, a mellora da sanidade e a aposta por xerar emprego no rural. Begonte ten potencialidades que penso que o equipo actual de Goberno non está a aproveitar, en parte pola incapacidade do alcalde de presentar ante a Xunta calquera reivindicación que non coincida coas liñas das políticas do PP, que non sempre lle dan o rural a importancia que debería ter”.

Para Susana estar a disposición do partido sempre é fundamental.

“Entendo que a política é un servizo aos demais, e os obxectivos que importan son os que che marcas para mellorar as cousas. Eu me considero unha curranta e vou estar alí onde faga falta ou onde me digan que son útil”.

Despois, as queixas principais a nivel persoal están cara o equipo de Goberno polo “trato despectivo nos plenos, a remisión da información con pouco tempo para estudala... ese tipo de cousas me parece que non aportan nada, e que os veciños esperan dos seus representantes outro tipo de comportamento”.

BNG: “O obxectivo é conseguir a transparencia total do Concello”

BNG

Pablo Ares ten menos experiencia no consistorio local, xa que entrou o ano pasado, cando o seu partido recuperou o asento. Este mozo local ten claro que a función principal agora, desde a oposición, é “representar a opinión dos veciños e veciñas que son afectados polas decisións do Goberno local e están en desacordo con elas, informar á Alcaldía dos problemas ou esquecementos sistemáticos do Concello, ademais de conseguir que o Concello traballe para a veciñanza e que se implique con ela. “A finalidade é evitar un goberno privativo, opaco e deslucido, no que a súa principal política é gobernar para os seus e manterse no cargo”, explica.

Leva pouco tempo neste papel pero xa ten claro cales son os beneficios que el mesmo explica, como “conseguir un Concello máis transparente,

mellor para os veciños e veciñas e que estes sexan escoitados pola administración, facendo que perdan o medo ao alcalde e estean informados”. Pero xa coñece tamén a parte dos sacrificios do político da oposición: “Económicos, sociais e laborais; a atención ás peticións dos veciños e veciñas, o formar parte da oposición do réxime do alcalde dun concello pequeno cunha maioría absoluta e de voto conservador, o exercer dereitos democráticos a favor das peticións da veciñanza e en contra do absolutismo do alcalde, xeran estes sacrificios”.

O BNG non estivo no Goberno local, aínda que apoiou a investidura do independente José Pena no 2007, aínda que non acabaron pactando.

Agora mesmo os seus obxectivos a nivel político están en “conseguir a transparencia total do Concello e que o seu goberno sexa ao servizo dos veciños e veciñas de Begonte, xa que os concelleiros e o alcalde deben de ser empregados de tódolos veciños e veciñas”. Deste modo, o seu traballo diario está en “comunicar á Corporación Municipal as preguntas, rogos e peticións proporcionadas pola demanda da veciñanza do Concello; participar e axudar nas comunicacións dos veciños e veciñas coas demais administracións, para que se cumpran as súas demandas, levando incluso algunha delas ata o Congreso dos Deputados; sen limitarse a un mísero trámite burocrático. Promocionar e participar en eventos do Concello e a creación de novas infraestruturas con beneficios sociais e transparentes”.

Para iso quere “un concello cunha xestión transparente, comprometer-nos co medio ambiente, revitalizar o noso rural, facer un concello con futuro e para as persoas”. De feito, entre as necesidades máis urxentes cita “a conservación e o amaño das infraestruturas básicas como os camiños, os subministracións os saneamentos e o alumeadado”.



O gato con botas
zapatería
C/ Plácida Peña, 8 - Baixo
27800 Vilalba (Lugo)
Tel: 982516150

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas
Transformaciones agrarias
Desbroces y plantaciones de montes
Servicio de podas
San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES
SEOANE
San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

Rábade fará o tradicional concurso de disfraces de Entroido o día 13

O Concello vén de facer públicas as bases do seu tradicional concurso e desfile de disfraces, que se vai celebrar o martes 13 de febreiro a partir das 17.00 horas na Praza de España. Establece dúas categorías, comparsas e parellas ou individuais (para adultos e infantís).

Os premios en todas as categorías agás comparsas adultos serán de 100 euros para o gañador de cada categoría e o segundo recibirá 80. Os terceiros serán de 60 para as comparsas infantís e 50 para os individuais. Ademais, haberá un cuarto premio nos grupos dos pequenos, de 40 euros. As comparsas de adultos serán premiadas con 300, 200 e 100 euros. O con-



curso de disfraces estará amenizado polo Dúo Eclipse. Ao remate haberá degustación de sobremesas típicas do Entroido.

A maiores, o luns día 12 haberá

unha Festa Infantil a partir das 17:00 horas no Centro Sociocultural de Rábade con música, xogos, merendas para todos e todas e moita diversión.

AXENDA DE ACTIVIDADES

FOLIADA DE PRIMAVERA. A agrupación folclórica Axeigo celebrará a Axeigada, a primeira foliada da primavera, que vai ter lugar o 9 de marzo. A xornada comprende obradoiros, cantos de taberna polos locais participantes, así como unha foliada aberta para poñer fin á festa. O programa comeza ás 17.30 horas con dous obradoiros, un deles de Baile foliadeiro con Xabi Iglesias e outro de afinación e empalletado con Pepe Vaamonde. As persoas interesadas en inscribirse poden chamar ao 634 83 52 88 ou enviar un correo a aoxeitogalego@gmail.com. Ás 19.00 horas darán comezo os Cantos de Taberna nos que participan cinco grupos: Airiños da Fonda, Estoupacaldeiros, Son Outeiro, Son de Lugh e Os do

13. A actividade volve ao Centro Sociocultural ás 22.00, onde haberá unha degustación de petiscos, seguida do concerto de Paracetafolk e foliada aberta a partir das 23.30.

RUTA GDR. Despois do gran éxito das últimas xornadas viaxeiras, tivo lugar en Rábade a presentación da sexta xornada viaxeira Descubrindo a Comarca de Lugo e as Terras da Ulloa con Guido Guía. Será o sábado 24 de febreiro no que volverán a reunirse historia, cultura, natureza, gastronomía e música tradicional. A inscrición para esta actividade é gratuíta, e pode facerse a través do correo info@comarcadelugo.gal e do teléfono 982 238 000. Este proxecto engloba os 10 concellos das comarcas de Lugo e A Ulloa.

Aprobado un orzamento de 3 millóns de euros

O Goberno local vén de aprobar os Orzamentos para este ano 2024, que ascenden a 2.989.000 euros, un incremento de preto de 800.000 euros con respecto aos do ano anterior. As Contas contaron co voto a favor do equipo de Goberno e co do PSOE e coa abstención de Independentes por Rábade.

En concreto, destínase máis dun millón de euros a investimentos reais, nos que se inclúen dúas importantes obras, como son a da reforma do antigo Cine Man e a mellora do campo de fútbol Catro Ventos.

Ao mesmo tempo, auméntase nun 140% o presuposto destinado ao servizo de limpeza viaria e recollida de residuos.

Tamén se recolle un incremento no capítulo de persoal coa creación de dous novos postos de traballo de administración; un de persoal contable e outro que se encargará do padrón municipal, entre outras tarefas.

Sobe ademais a partida de impostos indirectos ao contar coa liquidación de obra da nova urbanización de Vilar de Seo e da instalación no polígono de novas empresas.

A vila prepárase para unha edición moi especial do Máster de fútbolín

O Máster Nacional de Fútbolín, que este ano chega á viséximo quinta edición, celebrarase nas datas previstas en marzo, o 28, 29 e 30, coincidindo, como é tradición, coa festividade da Semana Santa.

Para celebrar este aniversario tan especial, a organización aumentou a cuantía e o número dos premios de engade algún trofeo individual máis polo que repartirá 15.000 euros e 137 trofeos, case 5.000 euros máis que na edición anterior. Prevese superar de novo as máis de 300 parellas participantes, en especial polo volume dos premios e ao tratarse dun aniversario especial.

Como en anteriores edicións, habe-

rá cinco modalidades de xogo e tres niveis e xogarase en tres locais, no Salón Papyrus, no IES Río Miño e no CEIP Otero Pedrayo.

O Gran Máster Nacional de Fútbolín repartirá para os de movemento e en parado oito premios desde os 1.600 aos 100 euros ademais do trofeo. O resto de premios, oscilarán entre os 600 e os 25 euros. Aumentan o apartado feminino, no que as gañadoras recibirán 800 euros e haberá premio para oito parellas. Ademais os trofeos serán diferentes xa que se elaboran para cada torneo e terán un deseño exclusivo e orixinal.

Tamén contarán de novo co trofeo

Alejandro Finisterre, para o xogador máis regular; o trofeo Concello de Rábade para o mellor xogador e o trofeo David García, para o mellor porteiro. Continúan tamén o trofeo Xunta de Galicia ao mellor xogador da comunidade autónoma, o trofeo Bola Meiga á amista-de, o trofeo Peña Rábade Fútbolín á peña máis participativa; o trofeo Galicial ao mellor xogador da provincia de Lugo, e o trofeo Merchi á mellor xogadora. Con este último quérese ofrecer unha homenaxe a unha das primeiras gañadoras que aportou moito ao fútbolín. Engádesse o Trofeo JMCR, ao Máster Leyenda.



construfer

Saneamentos, construción
y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO)
Telf: 982 511 200

Visita nuestra nueva tienda online:
www.construfervilalba.com



ZAFIRO TOURS VILALBA

¡Es hora de pensar a donde te gustaría viajar en SEMANA SANTA o en tus VACACIONES!

RESERVA YA

Rúa Compo de Puente 2, 27800 Vilalba - Lugo. T.: 982 511 544

Convocado o tradicional concurso de disfraces para o 12 de febreiro

O Entroido chegará de novo a Xermade o luns 12 de febreiro coa celebración dunha festa ás 21.00 horas no pavillón polideportivo.

Coa festa convócase de novo concurso de disfraces con premios para grupos, parellas e individuais, que oscilarán entre os 200 e os 50 euros para os adultos e de 70 a 25 para os pequenos. Serán tres gañadores en cada unha das tres categorías para os veciños do Concello. Tamén haberá un premio único para o disfraz máis orixinal. Ademais, haberá unha categoría para a participación de persoas non empadroadas en Xermade con tres premios, de 150, 100 e 50 euros. O xurado estará formado por tres persoas voluntarias do público e un secretario/a vinculado/a ó concello, con voz e sen voto, que certificará o cumprimento das condicións establecidas nas bases.

As persoas que desexen participar no concurso deberán inscribirse nas oficinas municipais antes do 7 de febreiro e os que desexen máis información poden comunicarse co 678 744 178.

ROUPAR. A asociación de veciños de Roupas organiza o sábado 10 de febreiro unha cea baile de Entroido a partir das 21.00 horas na Escola Habanera da parroquia.



A cea constará de cocido completo, freixós, orellas e roscas a un prezo de 20 euros para os socios e de 25 para os non socios. Os interesados en participar deberán anotarse antes do 20 de febreiro nos bares de Roupas, na farmacia ou chamando aos teléfonos 660 228 252 ou 678 063 111. Para amenizar a festa haberá un grupo con música para bailar.

CABREIROS. A asociación de veciños de Cabreiros organiza para este sábado 17 de febreiro a súa tradicional festa de Entroido. Haberá un xantar na Casa Escola de Cabreiros ás 14.30 horas cun menú composto de sopa de cocido, lacón, cacheira, botelo, chourizos, grelos, garavanzos, cachelos, freixós da pedra, sobremesas de orellas e rosquillas e café. As persoas interesadas en anotarse deberán facelo antes do 11 de febreiro.

CERTAME DE POESÍA



A Biblioteca de Xermade xa ten gañadores da fase local do certame de poesía infantil Nadal 2023, que todos os anos se convoca no centro. Na categoría A os premios foron para Martiño Otero Lagüela, Ana Hormeño Carballeira e Sergio Bellas Martínez. O xurado acordou entregar un accésit a Adriana Pintor Fato. Na categoría B os premios foron para Enzo Chan Area, Raúl Pérez Amarelo e Lois Martínez Bermúdez. O xurado acordou entregar un accésit a Lorenzo Pintor Fato.

O Concello continuará co proceso de reposición das beirarrúas

O Pleno da Corporación xermadesa celebrou a primeira sesión ordinaria do ano 2024. Logo do sorteo electoral, na sección resolutive aprobouse un suplemento de crédito financiado cun préstamo do Instituto Galego de Vivenda e Solo para rehabilitar a escola da Ladrela, na parroquia de Piñeiro, por importe de 63.264,12 euros; e tamén se aprobou inicialmente un regulamento para a asignación dos complementos retributivos de produtividade e gratificacións para o persoal municipal.

Na sección de fiscalización e control, deuse conta do envío de información relativa ao Período Medio de Pago do 4º trimestre de 2023 (10,81 días) e do informe anual de morosidade do ano 2023. Tamén se informou da publicación dos anuncios de aprobación definitiva do orzamento do exercicio 2024 e anexos e do Plan de ordenación de recursos humanos, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o 15 de decembro de 2023.

A Alcaldía informou ao Pleno de

varios asuntos. En primeiro lugar da sinatura dun protocolo xeral para a posta en marcha dunha oficina demográfica para a integración de novos poboadores, combater o desequilibrio demográfico, recollidos no proxecto E para vivir Lugo, financiado polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e pola Deputación Provincial de Lugo, en data 21/12/2023.

Tamén explicou o alcalde a sinatura dun convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Xermade a posta en marcha da Fase II da reposición das beirarrúas en Xermade do ano 2023. O financiamento ascende a 79.999 euros (100% dos custes da obra).

Tamén se comunicou a concesión dunha subvención pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo

de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para os anos 2023 e 2024, para a adquisición de 103 composteiros, cunha axuda de 7.798,50 euros.

Por último deuse conta do ingreso de 241.800 euros por mor da concesión de subvención polo Instituto de Transición Xusta dirixidas a proxectos de infraestruturas ambientais, sociais e dixitais en municipios de zonas afectadas pola transición enerxética no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, para o proxecto A Reitoral (CIT): rehabilitación de casa reitoral para centro internacional da torneiría, por importe total de 403.000,00 euros.

No apartado mocións, o Partido Popular presentou unha relativa á atención primaria, que non chegou a debatirse ao non ratificarse a urxencia por maioría absoluta.

Investirán na mellora da vía de Viveiro a Cabreiros



O Consello galego acordou destinar 17,3 millóns de euros a realizar melloras en dúas estradas autonómicas da provincia de Lugo: na LU-710 e na LU-540.

Aumentarase a capacidade e a seguridade da estrada LU-540 que une Viveiro e Cabreiros, a través dunha actuación que suporá un investimento de 15 millóns. As obras incluírán actuacións en 35 quilómetros desta vía que se caracteriza por ter moitos

treitos con prohibición de adiantamento e curvas de radio reducido. Búscase mellorar a seguridade e reducir os tempos de viaxe.

Para iso vanse habilitar terceiros carrís, reforzarse a seguridade nas interseccións e mellorarse o trazado. O proxecto xa foi sometido a información pública como paso previo para licitar a primeira fase das obras, na contorna de Landrove, cun investimento de 7,8 M€.

Aprobadas as axudas a entidades públicas e privadas

A Xunta de Goberno Local aprobou a convocatoria pública de subvencións municipais a entidades públicas ou privadas para o fomento de actividades de interese municipal nos anos 2023-2024.

Esta convocatoria contempla tres novidades respecto das convocatorias de anos anteriores. O período subvencionable é do 1 de novembro de 2023 ao 31 de outubro de 2024 (base segunda); o crédito orzamentario é de 20.685,00 euros (base segunda) e como máximo concederanse 2.800 euros por entidade (base quinta). Engádesse tamén a posibilidade de solicitar un anticipo prepagable do 50% da subvención concedida (base sétima).

A convocatoria publicouse no BOP nº 012 o luns 15 de xaneiro e o prazo para presentar as solicitudes remata o 15 de febreiro de 2024.



Especialidad en:
* Desayunos
* CHOCOLATE
CON CHURROS
* Vinos y tapas

El Budha
CAFETERÍA · PASTELERÍA · TAPERÍA
Plaza Suso Gayoso, 10 Vilalba / Tel.: 697 203 501

abadín

Abadín celebrará Expogrelo o 18 de febreiro e o Entroido o 11

O día 17 de febreiro o concello de Abadín acollerá a XVIII edición de Expogrelo, a coñecida feira de exaltación do grelo, que terá lugar no Recinto Ferial de Gontán, como é costume. As edicións celebradas ata agora serviron para comprobar que a tradicional fama deste cultivo atopa boa saída nos compradores. A feira mostrará de novo a calidade e sabor do grelo que se produce nesta zona da Terra Chá e que conta con merecida fama.

Algo máis de 15 produtores sumaranse este ano á feira, na que se repartirán tres premios de 50, 30 e 20 euros para as cestas mellor decoradas. Ademais, é tradicional que todos os participantes reciban un incentivo.

O programa de actos seguirá a mesma liña que en edicións anteriores, ás 09.30 horas coa designación das mesas e a numeración das cestas. Ás 10.00 horas levarase a cabo a apertura da feira, ás 12.00 horas dará inicio a animación musical e ás 12.30 horas os presentes poderán degustar este delicioso alimento da cociña galega na carpa que o Concello porá no recinto feiral.

Ás 13.00 horas terá lugar a recepción de autoridades. Os actos finalizarán ás 14.00 horas co fallo do xurado e a entrega de premios.

O Concello de Abadín decidiu apostar no ano 2006 por celebrar unha feira anual dedicada a este produto e



ademais apoiar aos produtores que hai no municipio.

A IXP Indicación Xeográfica Protexida de Grelos de Galicia naceu en outubro de 2009 para axudar a produción como a comercialización e a distribución deste alimento tan característico de Galicia.

CONCURSO DE ENTROIDO. O Concello de Abadín organiza para o domingo 11 de febreiro o seu popular Entroido onde nenos e maiores poderán gozar a partir das 17.30 horas co tradicional desfile de disfraces que se levará a cabo no polideportivo, ao lado do centro médico.

O desfile estará dotado con grandes premios en metálico nas seguintes categorías: charangas, grupos e comparsas, parellas, individuais e comparsas mixtas. Haberá premios tanto para adultos como para infantís.

A mellor charanga será premiada con 300 euros. Para os tres mellores

grupos e comparsas os premios serán de 300, 250 e 200 euros, cun premio especial para unha local de 250 euros. En comparsas mixtas haberá 250, 200 e 150 euros en premios. En parellas, a contía será de 200, 150 e 100 euros con premio para unha local de 150 euros. En individual ródense ata 150, 100 e 75 con 100 euros para o local.

Para os pequenos establécense tamén tres premios para grupos e comparsas, para parellas e para infantil, cunha distinción especial para un local en cada categoría. As recompensas oscilan entre 200, o primeiro de comparsas, ata os 50 euros que cobrará o terceiro individual.

A xornada finalizará cunha gran chocolatada con churros para todos os asistentes.

As inscricións para participar no desfile deberanse realizar antes do 16 de febreiro ás 21.00 horas no teléfono 626 728 088.

Contarán en xullo coa segunda edición do festival Rumboia Viva

A Asociación xuvenil A Rumboia anunciou a celebración da segunda edición de Rumboia Viva, o festival cultural que terá lugar de novo o próximo mes de xullo, na porta da Terra Chá. A data que avanza o colectivo é o 27 de xullo.

O pasado ano, esta celebración tivo un grande éxito.

O colectivo traballa no deseño do programa pero xa avanzou que haberá moitas actividades, onde música, gastronomía, artesanía e narración oral serán as grandes protagonistas.




ESCOLAS DEPORTIVAS. As escolas deportivas de Abadín contan con nova equipación deportiva subvencionada polo Concello da localidade. O novo uniforme consiste en pantalón e xerse, logotipado en negro o primeiro e azul, o segundo. Os equipos estrearon xa o seu novo uniforme durante as primeiras xornadas despois das vacacións de Nadal.

pol

Leña Verde encárgase de celebrar o Entroido

A asociación Leña Verde de Pol organizará a tradicional festa do Entroido para o martes 13 de febreiro. A xornada terá actividades para público infantil e adulto e comezará ás 16.30 horas coa apertura da inscrición para o desfile de disfraces, con categorías individual e de parellas no local social de Leña Verde. Xa ás 17.00 horas dará comezo o desfile infantil/xuvenil, que non terá carácter competitivo, polo que se entregarán obsequios a todas as persoas participantes. A continuación, haberá unha actuación a cargo do Mago David Méndez.

Para o disfrute do público adulto farase a ruta ao son dos cantos de taberna, que levaraos ata os bares e tabernas de Mosteiro, Andión e Rioxoán co acompañamento dos grupos Leña Verde, Os D'aquí e Son Outeiro, que darán pé a cantar, bailar e participar da alegría que sem-



pre levan consigo.

Comenzará o percorrido ás 18.00 horas por Mesón Suso de Rioxoán e Casa Pepe de Andión e sobre as 19.00 continuarán polos establecementos de Mosteiro Lucas por o Canadá, Casa Cuadrado, Abuide e Agustín.

LOTERÍA DE NADAL

TROTAMONTES. Os club Trotamontes de Pol dará continuidade á súa cita anual coa celebración da XV ruta o sábado 30 de marzo arrancando desde Mosteiro, unha cita que reúne arredor de 150 participantes. A ruta, de 90 quilómetros, discorrerá por camiños e pistas forestais deste Concello de outros dos arredores, utilizando vías asfaltadas tan só para facer cruces ou como enlace entre tramos. As inscricións poden facerse a través de facebook ou no email trotamontespol1@gmail.com.



MÓBILES. A Deputación de Lugo activa o programa Xunt@s, con actividades gratuítas, de lecer e formación para contribuír ao envellecemento activo no rural a través do impulso da participa-

ción cidadá e o asociacionismo. A primeira actividade que virá ó Concello de Pol será na Casa Biblioteca Municipal. Terá lugar os días 21 e 28 de febreiro, ás 10.30 horas. A sesión estará dirixida a mostrar o uso dos smartphone.

CHAIREGOS
SERVICIOS VETERINARIOS

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA
CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS

R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20
(O Ramal) Rábade
Telf. 982 871 103

URXENCIAS
24
HORAS

TAHONA CURRÁS

SAN ROQUE 3. TEL. 982510062

NOVO CAZÓN 12. TEL. 620417383

O PSOE enche o Pleno de mocións e preguntas

O partido socialista levou ao último Pleno unha serie de mocións e varias preguntas como únicos puntos da orde do día. Así, presentou unha primeira na que pedía un acordo plenario para aprobar unha declaración de Non á guerra, en referencia tanto á guerra de Gaza como a de Ucraína. “Solicitamos que todo colectivo, goberno ou persoa capacitada para influír nestes dous conflitos bélicos actúe, interveña e procure o cesamento dos mesmos e o restablecemento da paz”, dicían na súa moción. Esta foi rexeita porque o alcalde avanzou que se fará unha declaración institucional, que se pasará proximamente para a súa firma por parte dos conselleiros.

Noutra orde de cousas, tamén propuxeron unha serie de medidas para impulsar o uso do galego, como unha edición anual de cantos de taberna, a proxección de películas en galego nas dúas casas da cultura e que se compre material de lectura destinado aos menores de 12 anos de forma gratuíta. Esta foi transformada en rogo, porque o alcalde avanzou que xa tiñan previsto facer iniciativas deste estilo.

Así mesmo presentaron unha terceira moción na que propoñen un programa de almozos saudables gratuítos nos establecementos de restauración da Feira do Monte e Muimenta, financiado polo Concello, para aquelas persoas menores de 12 anos e maiores de 65 que acudan aos centros de saúde, establecendo unha contía máxima de 5 euros por almuerzo. Esta moción votouse en contra porque conside-

ran que é complicado levar adiante esta iniciativa.

Daniel Irimia, responsable do PSOE no concello, indicou que “existe un desinterese do goberno local por incentivar o comercio local”. Ademais fixo un chamamento á situación dos centros de saúde asegurando que “loitaremos porque se manteñan sempre os médicos no centro de saúde de Feira do Monte que corre o risco de ser anulado porque os médicos xubiláronse ou están en proceso”. Este tema foi tratado tamén nunha das preguntas, nas que reclaman ao Concello que se involucre no mantemento das prazas médicas.

PREGUNTAS. Na quenda de preguntas, o PSOE referiuse á falta de alumeados no barrio do Carboeiro, en Santa Cristina, ao tramo de estrada entre as parroquias de Goá, Roás e Santa Cristina ou sobre a traída de auga en Xermar. Para rematar pedindo información de novo sobre o estado no que se atopa a elaboración do PXOM.

Reclamaron tamén datos sobre o estado do futuro complexo residencial, o plan de mellora de camiños ou a cuberta exterior do CPI Virxe do Monte, así como do acceso a internet con fibra óptica. Remataron cun rogo para que se actualicen os membros da actual corporación na páxina web do Concello de Cospeito; “cuestión que deba realizarse ao inicio da legislatura co fin de atender á realidade veraz da representación municipal”.

A Moexmu gaña o premio Aresa no seu 40 aniversario

A candidatura da Mostra Exposición Muimenta (Moexmu), impulsada pola comisión organizadora da feira decana do sector agrogandeiro da provincia de Lugo que este ano chega á súa cuadraésima edición, resultou gañadora do XXIV Premio Aresa de Desenvolvemento Rural.

A cerimonia de entrega premio será o 1 de marzo, a partir das 20.00 horas, nun acto público que se desenvolverá no auditorio da Facultade de Veterinaria.

A candidatura gañadora do XXIV Premio Aresa representa valores moi aliñados cos intereses e coas liñas de especialización do Campus Terra, sinalou o vicerreitor de Organización Académica e Campus de Lugo, Francisco Fraga, quen, logo de salientar a condición da Moexmu como decana das feiras do sector agrogandeiro, lembrou a xa dilatada colaboración que mantén a sede universitaria luguesa coa comisión organizadora desta cita sectorial e tamén da Festa da Filloa de Muimenta.

O impacto da Moexmu como elemento de dinamización do medio rural, alén da súa localización chairega, foi un dos aspectos destacados pola catedrática da USC Ángeles Romero, quen tamén sinalou que esta celebración deste evento incentiva a reflexión colectiva sobre o medio rural, ao tempo que actúa como escaparate que axuda a facer visible a súa realidade. Asemade, a conselleira de Aceites Abril, Elena Pérez Canal, aproveitou a súa intervención para poñer en valor a progresiva profesionalización do sector agrogandeiro á que contribuíu e contribúe



a Moexmu, ademais de salientar o particular impacto xerado polos promotores deste evento na mellora xenética do gando vacún frisón. Agradecemento a todas as candidaturas

A comisión organizadora da XL edi-

ción da Mostra Exposición de Muimenta – Moexmu continúa coas súas reunións de traballo.

Paula Francos Anllo volveu a realizar o deseño dos carteis da Moexmu e do Concurso, Exposición e Poxa de Gando Selecto.

XUIZ DA EDICIÓN 2024

Bonet Cid Salgado será o vindeiro xuíz do Concurso de Gando de Muimenta, que celebra o seu XXXVIII aniversario. Bonet é un gran coñecedor da Moexmu, xa que, dende moi novo, e xunto a seu irmán Iván participaban no concurso de xóvenes gandeiros, con cabezas de gando da granxa familiar. É a primeira vez que será o xuíz en Muimenta. Nacido en Lugo en 1983, é socio da Gandería Cid de Barreiros, granxa familiar composta por 180 animais de raza frisoa, das cales hai unhas 90 vacas en produción.



AXENDA DO MES

RISOTERAPIA. A Asociación Aquilino Iglesia Alvariño organiza unha xornada de risoterapia para coidades que se impartirá o venres 23 de febreiro de 16.00 a 19.00 horas no local social do centro médico de Muimenta. As inscricións son de balde e deben facerse na Mercería Teresa.

MEMORIA. O Concello inicia un taller de memoria e saúde dirixidos ás persoas maiores do concello, programados dende o mes de febreiro ata xullo. Estes terán lugar os luns, de 16:30 a 18:30 horas na casa da cultura de Muimenta e darán comezo o 12 de febreiro. Tamén haberá os mércores de 16:30 a 18:30 horas na casa da cultura de Feira do

Monte. A data de inicio neste caso é o 14 de febreiro.

CARREIRAS. A Asociación equina de recente creación A Lagoa convocou par o día 2 de marzo, a primeira edición das Carreiras de Andadura en estilo libre, que se celebrarán en Muimenta. A sesión dará comezo ás 9.30 horas coas medicións para os cabalos de menos de 1,51 metros, e ás 11.00 empezarán as carreiras. A seguinte cita da xornada será ás 15.30 horas, co inicio das carreiras sub-16, ás que seguirán as carreiras para cabalos de máis de 1,51. Haberá premios económicos para os catro primeiros clasificados en cada categoría e agasallos para os quintos.

Cospeito abrirá co concurso do venres 9 o programa de Entroido

Cospeito volverá contar este ano co Entroido e o seu tradicional concurso de disfraces, que terá lugar o venres 9 de febreiro no pavillón dos deportes da localidade, organizado pola asociación de mulleres rurais Cousas Nosas e o Concello.

Haberá dous concursos, un infantil, que terá lugar ás 17.00 horas, para menores de 16 anos, e outro de adultos, a partir das 23.00 horas. En ambos os dous casos haberá tres categorías, individual, parellas e comparsas con tres premios para cada unha. No caso dos pequenos, os gañadores recibirán entre 30 e 15 euros na categoría individual, entre

50 e 20 para parellas e de 100 a 40 para comparsas. Ademais haberá un premio local con 80 euros.

Nesta festa infantil realizarse tamén a inscrición e haberá chocolate con churros.

A partir das 22.00 será o momento da inscrición para o concurso de adultos. Mentres dure este proceso e antes do desfile, previsto para as 23.00 horas, actuará o dúo D’Caché Music. Os premios oscilarán entre os 90 e os 50 euros na categoría individual, 130 e 80 para parellas e de 240 a 120 euros para comparsas. Tamén haberá outro premio especial de 120 euros. Durante a festa infantil tamén

haberá animación musical e pola noite sortearase unha cesta típica do Entroido.

OUTROS ACTOS. O programa continuará o sábado en Feira do Monte e o domingo en Muimenta coa actuación dos Cantajuegos, que actuarán a partir das 18.00 horas nos dous casos. As entradas teñen un prezo de 5 euros para nenos e 7 para adultos. Ademais, o 16 de marzo, está previsto un festival de primavera a cargo de Asubíos da Chaira, que fará un tributo á música dos anos 80 e 90. Será na casa da cultura da Feira do Monte.

TERRA CHÁ

Que concellos da provincia aumentaron a poboación?

Galicia inaugura o novo ano cun bo sabor de boca a nivel demográfico, pois rexístranse 5.713 novos habitantes no 2023, elevando así ata os 2.696.177 de persoas censadas na nosa comunidade, segundo os últimos censos de poboación publicados polo Instituto Nacional de Estadística (INE). A situación por provincias mantén esta tendencia positiva, agás a de Lugo, que arranca este 2024 cunha caída poboacional, concretamente de 33 residentes, ata quedarse nos 323.956 para este novo período.

Dos 67 concellos lucenses, apenas 18 rexistran números positivos, fronte aos 22 que sufriron un incremento durante o 2022. Entre eles atópanse a capital, que suma 1.000 novos veciños; así como as cabeceiras comarcais de Monforte, que pecha o 2023 cunha subida de 153 habitantes e Sarria, onde son 7 persoas máis. Outros lugares beneficiados polo Camiño tamén gozan desta boa situación como son Palas, que rexistra 27 censados máis e Samos e Monterroso, que suman 8 habitantes cada un.

O patrón ségueno Outeiro de Rei, que notifica 63 residentes máis; Foz, con 45 e Burela, que suma 24 novos veciños. Os aumentos cualitativos máis pronunciados obsérvanse en pequenos concellos como Negueira de Muñiz, o menos poboado de toda a provincia, que rexistra un incremento do 5 %, ao sumar 12 novos residentes e Baralla, que aumenta un 1,93 % ao incorporar 48 habitantes máis.

PERDA DE VECIÑOS. Por outra banda, Barreiros mantén os seus 3.020 censados, Lourenzán repite a tendencia con 2.115 persoas e Rábade, con 1.503. Os 46 municipios restantes sofren un descenso, segundo os datos do INE. Nesta situación atópanse A Fonsagrada, que perde 79 veciños; Chantada, con 77 menos e Becerreá,



con 44. As caídas son tamén notables en Guntín, que descende o número de censados nun 2,97 % ao perder 76 veciños; en Paradela, onde son 45 persoas menos cunha caída do 2,75 % e Guitiriz, que baixa nun 2,57 % ao perder 134 habitantes.

A pesar da baixada da demografía, a comunidade notifica un incremento da chegada de residentes doutros países. No último ano, un 5,44 % da poboación na comunidade era estranxeira, concretamente 139.306 persoas, segundo o Censo Anual do INE. Estes datos supoñen un incremento de 20.132 residentes se comparamos co 2022 e de 25280 con respecto ao 2021. Se nos centramos na provincia, no último ano rexistráronse 19.759 persoas procedentes doutros países, un 6,48 % do total, o que supón 2.792 persoas máis que as rexistradas durante o 2022.

NACEMENTOS. Se temos en conta a natalidade, Lugo rexistrou 1.583 nacementos entre xaneiro e novembro do 2023, segundo os últimos datos do INE. Atópase en terceiro lugar por detrás de A Coruña (5.617) e Pontevedra (4.563) e por diante de Ourense (1.207). Por concellos, no 2022, último ano sobre o que se teñen rexistros e no que se contabilizaron 1.734 nados no territorio lucense, a capital provincial notifica

629 nacementos, o 36,27 % do total da provincia, segundo os rexistros do Instituto Galego de Estadística (IGE). Séguenlle as cabeceiras comarcais de Sarria e Vilalba, que notificaron 95 neonatos cada concello e Monforte, con 90.

Tamén arroxan bos resultados algúns municipios costeiros, concretamente Viveiro, que notifica 73 nacementos; Foz, con 61 e Burela, con 60. De feito, estes últimos sete concellos xunto con Ribadeo, Outeiro de Rei e Chantada concentran o 72 % dos nados en Lugo. Fronte a esta parte da provincia que amosa un certo dinamismo demográfico, o resto do territorio mostra outra realidade ben diferente.

O reparto demográfico decae na zona oriental, na zona sur e no interior da Mariña, que perden poboación e que pouco a pouco se van convertendo nun deserto demográfico en parte pola falta de relevo xeracional. De feito, 38 dos 67 concellos non rexistran nin 10 nacementos ao longo dun ano e en 17 deles non chegan nin a 5. É o caso de Baleira, onde naceron 3 pequenos; Cervantes e Ribeira de Piquín, onde foron 2 e Muras, con 1. O extremo da situación represéntano os municipios de Negueira de Muñiz, As Nogais e Trabada, onde non naceu ningún neno nese período.

Editan unha axenda que reúne ás fortificacións da provincia

A Vicepresidencia da Deputación editou unha axenda para o 2024 centrada nas fortificacións das terras e comarcas de Lugo. En total 24 construcións capturadas en imaxes de Begoña Pérez, Iván Mouronte, Brais Lorenzo e Ángel Ramil e acompañadas de textos de Alexandra Cabana Outeiro.

A publicación reivindica e dá pulo ás construcións menos coñecidas, identificando cada unha delas cun dos meses do ano. Ademais, inclúe

un álbum fotográfico e un apartado de notas nas páxinas finais. O Castro de Amarante, en Antas de Ulla, abre o mes de xaneiro, seguido da torre de Caldaloba no mes de febreiro.

Entre as fortificacións restantes figuran outras da comarca como Xiá, Friol e Miraz, en Friol; Sobrada de Aguiar e Taboi, en Outeiro de Rei, ou a Torre dos Andrade, en Vilalba.

Ademais, o servizo provincial editou un almanaque protagonizado polo traballo de Francisco Asorey.

Organizado un concurso de debuxo e relatos curtos polo 8M

O Centro de Información ás Mulleres de Mondoñedo organiza concursos de debuxo e de relatos curtos con motivo do 8 de marzo, Día da Muller. Os traballos poden presentarse ata o día 1 de marzo.

O CIM mindoniense anuncia: “xa temos o 8M ás portas e, como cada ano, queremos convidar ao alumnado dos centros de primaria e secundaria de Mondoñedo, Abadín,

Lourenzán, A Pastoriza e Riotorto a participar no concurso Debuxando en Igualdade. Ademais, este ano temos unha novidade: o concurso de relatos curtos “Letras para a Igualdade”. As bases poden consultarse tanto nos centros educativos como nas oficinas e nas redes sociais do CIM. Esta actividade está financiada con cargo aos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero”.

ESTRADAS DA PROVINCIA



Máis de medio millar de persoas, encabezados polos dirixentes, alcaldes e concelleiros do Partido Popular, concentráronse diante da Deputación de Lugo para esixir ao presidente provincial, José Tomé, o arranxo das estradas provinciais nos 67 concellos da provincia debido “ao perigo que supón circular por elas despois de anos de abandono no seu mantemento”.

Unidos para que el mundo sea maravilloso

La transición energética es uno de los mayores desafíos de todos los tiempos y nosotros estamos comprometidos con ella. Elegimos proteger este mundo maravilloso y producir energía 100% verde para 2030.

¿Qué eliges tú?



DEPUTACIÓN

Arranca o programa Xunt@s, unhas xornadas temáticas de lecer

A Deputación vén de poñer en marcha o programa Xunt@s, de actividades gratuítas, de lecer e formativas para contribuír ao envellecemento activo no rural, “para enriquecer a oferta de ocio e cultural dos pequenos concellos e, polo tanto, para mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas, un factor determinante para fixar poboación no territorio”.

A voceira socialista, Pilar García Porto, anunciou que esta iniciativa, á que a Deputación destina un total de 91.000 euros e que está organizada da man dos concellos, consiste nunha serie de 125 xornadas temáticas gratuítas, que se celebrarán ata a primavera por toda a provincia, e que teñen que

ver coa saúde, co deporte ou coas novas tecnoloxías. Explicou García Porto que o xoves pola tarde tivo lugar a primeira destas actividades do programa Xunt@s, en Pedrafita do Cebreiro, e para este mes están previstas outras 13 xornadas, nos concellos de Trabada, Antas de Ulla, Taboada, Navia de Suarna, A Pontenova, A Fonsagrada e Guitiriz. “Este tipo de actividades fomentan a interacción da xente e contribúen a fortalecer os lazos da comunidade”, valorou a deputada, para quen “a propia temática das xornadas favorecerá os hábitos de vida saudable, a práctica de actividade física, educar en prevención ou romper a brecha dixital integrando as novas tecnoloxías na vida diaria da xente”.



FIGUR. O presidente da Deputación, José Tomé Roca, presentou na Feira Internacional de Turismo (Fitur) a nova campaña de promoción turística da institución provincial, Saborea a Provincia de Lugo. Unha proposta para amosar a “autenticidade e calidade dos produtos locais”, co obxectivo de posicionar á provincia como destino gastronómico de referencia a nivel internacional e fortalecer a súa oferta turística.

A Deputación creará unha bolsa de vivendas para o alugueiro rural

A Xunta de Goberno aprobou as bases para a creación dunha bolsa de vivendas de alugueiro no rural. Unha das liñas de actuación incluídas no programa E para vivir Lugo que a institución provincial ten en marcha con fondos que conseguiu da Unión Europea cotra o reto demográfico. Así o informou a voceira socialista, Pilar García Porto, quen explicou que a Deputación concederá un total de 50 axudas de 600 euros cada unha destinadas aos propietarios das vivendas para incentivar o alugueiro. “Con este plan piloto queremos abrir unha vía que consideramos moi inte-

resante para atraer e fixar poboación no noso rural”, asegurou. O prazo de solicitude destas axudas de concorrencia competitiva será de un mes desde a publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP). Poden resultar beneficiarias todas aquelas persoas propietarias e usufrutuarias de vivendas sen ánimo de lucro que estean situadas en concellos da provincia con menos de 5.000 habitantes. Explicou a Voceira que para a concesión destas axudas valoraranse cuestións como o concello onde estean situadas, tendo preferencia

O Pleno esixe á Xunta “que poña fin á destrución da sanidade”

A Deputación de Lugo esíxelle á Xunta de Galicia que poña fin á destrución da sanidade pública dotándoa de máis investimentos e máis persoal. Así se acordou no Pleno a través dunha proposta do Goberno que recollía o apoio da institución á plataforma SOS Sanidade Pública para recuperar a atención primaria e que contou cos votos a favor do PSdeG e do BNG e os votos en contra do PP. Ademais, aprobouse unha moción dos socialistas reclamando a redución das listas de espera e a recuperación dos cadros de persoal, contra o que o Partido Popular tamén votou en contra.

“A sanidade está no peor momento da etapa democrática en Galicia, nunca tan mal estivo”, valorou o Presidente, José Tomé Roca, que sinalou que na etapa de Touriño a atención primaria era no mesmo día e que hoxe a espera mínima para ter cita é de tres semanas, o que deriva na sobrecarga das urxencias. E nese sentido recordou o mandatario provincial que hai 900 profesionais menos que no 2009 na sanidade pública galega e apuntou á responsabilidade da mala xestión do Executivo galego, quen non convoca prazas e precarizou as condicións laborais dos profesionais. Durante a sesión provincial, a voceira socialista e deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, sinalou que a intención da sociedade galega “de volver saír á rúa de xeito masivo para defender a sanidade pública, o dereito dos galegos e galegas a unha atención sanitaria universal e a dignidade nas condicións laborais dos profesionais do sector”.



Explicou García Porto que “no caso dos lucenses achegaremos ademais a nosa demanda de que se reverta o desmantelamento da sanidade no rural, que está a xerar unha fenda entre cidadáns de primeira e de segunda”, engadiu.

Puxo cifras ao desmantelamento da sanidade, asegurando que Galicia ten hoxe 900 profesionais sanitarios menos, 900 camas hospitalarias menos e inviste 130 millóns de euros menos en sanidade que en tempos do Goberno de Touriño. Tamén destacou que hai uns 1.500 profesionais ás portas da xubilación en Galicia, como os 289 médicos que cumpriron 65 anos na provincia de Lugo entre 2018 e 2022 sen que o Sergas tomase medidas para repoñer os cadros de persoal.

Lamentou que da recomendación da Organización Mundial da Saúde (OMS), de que o 25 % do gasto sanitario se destine á Atención Primaria, en Galicia cae ata o 14 %. “Os nosos veciños e veciñas esperan de media entre 15 e 25 días para ser atendi-

dos polo seu médico de cabeceira”, e lembrou aos 11.000 nenos e nenas que non teñen pediatra en Galicia, 46.000 persoas esperando por unha intervención sanitaria e outras 120.000 que agardan por unha proba diagnóstica.

Outras demandas que a Deputación fará chegar á Xunta en materia sanitaria é a necesidade de poñer en marcha un plan de choque en Atención Primaria que garanta a cita no médico de cabeceira nun prazo non superior ás 48 horas; medidas para recuperar os cadros de persoal e a reapertura de todos os centros; un plan de captación de médicos de especialidades como Pediatría, “cun déficit crónico en toda a provincia”; incluír a Saúde Mental na Atención Primaria; reducir as listas de espera; e tamén un plan de melloras nos modelos de contratación que remate coa precariedade actual.

O portavoz do BNG na Deputación, Daniel García, amosou o apoio da formación nacionalista á manifestación pola sanidade pública.

NOVA DEPUTADA



A alcaldesa de Burela, Carmela López Moreno, tomou posesión no Pleno como deputada provincial, asumindo a área de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas. López Moreno prometeu o seu cargo e amouse ilusionada e con moitas ganas de iniciar esta nova etapa “para traballar de xeito decidido dende a Deputación por e para Burela, pola Mariña e para o conxunto da provincia”. Ademais, o deputado de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento, Miguel Fernández, pasará a asumir ademais a delegación de Vías e Obras.

DEPORTES

“O obxectivo é traballar amodo, aos poucos, e que haxa calidade”

Xisco Fuentes dirixe a nova escola de tenis do Club de Campo de Bonxe

Como xurde esta nova escola de Tenis?

A escola xa estaba creada, o club de campo de Bonxe creouse no ano 1970 grazas a uns empresarios da zona de Lugo. Foi moi ben e fóronse creando diferentes áreas dentro do club como piscinas, pistas de tenis ou o campo de fútbol. A nivel de tenis chegou a ser un dos clubs máis prestixiosos grazas a Cayetano Burrieza que foi o expresidente ata 2017 e levouno ao máximo nivel. Deste club saíron algúns dos mellores tenistas galegos que chegaron a estar entre o número cento e algo de España. Eu son de Mallorca, sempre estiven vinculado ao mundo do tenis e xoguei dende pequeno e a raíz dunha serie de lesións saíume a oportunidade de estudar e aprender para converterme en profesor. Saqueime a titulación no Club Tenis Global de Mallorca e tamén estiven a adestrar na Rafa Real Academy onde tiveron a honra de ter un proxecto chamado Special Olympics para mozos con Síndrome de Down e con diferentes problemas de mobilidade. Xunto con isto tamén estiven traballando nun club de tenis familiar en Manacor.

Que vinculación ten con Galicia?

A familia da miña muller é galega, gústanos moito o norte e a vida é tranquila xa que en Mallorca o nivel de vida é alto e estresante e pensamos que sería un bo momento de probar. Os traballos acompañaron e saíu a oportunidade deste club xa que desde a directiva estaban a buscar unha persoa que levase a área técnica e un pouco as xestións do club e da escola de tenis.

Con cantos alumnos conta na actua-



lidade a escola de tenis?

Actualmente hai trece alumnos, comezamos o 15 de xaneiro a adestrar e estamos tendo moi boa aceptación. Temos alumnos de moitas idades, dende os cinco anos ata case sesenta. Estamos abertos e todo o mundo ten unha proba gratuíta para que veña a coñecernos. Contamos cunha pista cuberta para facilitar os adestramentos os días de choiva e a idade mínima para empezar son os tres anos.

Cales son os obxectivos a curto e medio prazo?

Os nosos obxectivos son formar unha escola de ensino básico traballando cun tipo de ensinanza de grupos reducidos, para ter unha boa dinámica e unha boa formación. Non buscamos cantidade senón que o obxectivo é traballar amodo, aos poucos, e que haxa calidade, bos adestramentos e que a xente estea a gusto.

E a longo prazo?

A min gustaríame que este proxecto fose unha escola de tenis en Lugo referente e recoñecida, e que a xente soubese que aquí se ensina bo tenis. Unido sempre a uns valores, cunha filosofía de educación, de benestar e

de respecto para ter un bo ambiente.

Que días realizan adestramentos?

Nós ofertamos de luns a venres, mañás e tardes e os sábados pola mañá. Agora mesmo temos un grupo de mulleres que vén polas mañás, dous grupos de mozos de diferente nivel que veñen dous días. No caso de que alguén estea interesado e durante a semana non poida pois tamén sería posible realizar o adestramento o sábado pola mañá.

Cales son os proxectos de futuro?

O principal proxecto dende o club é ir mellorando as instalacións, que se irá facendo pouco a pouco. E de cara ao verán gustaríanos ofertar un campus.

Que é o máis difícil de dar comezo a un proxecto destas características?

Mallorca nestes momentos é o centro de referencia de Europa no tenis, tanto pola Rafa Nadal Academy como por outros clubs e claro a diferenza entre unha comunidade e outra a este respecto é moi grande. Tamén o clima que algunhas veces non axuda, moita xente practica deportes de interior e nós o que queremos é fomentar outra vez o tenis e que colla forza.

Cambios no cadro do Vilalbés

O Rácing Club Vilalbés pechou este mes catro novas incorporacións e dúas baixas no mercado de inverno. O xogador Ibrahim Dieng incorporouse á disciplina do Rácing Vilalbés. Nado en Senegal en 1997, o atacante procede do CD Guijuelo. Trátase dun xogador con varios anos de experiencia na categoría tras pasar por equipos como o Sestao River, Haro Deportivo, SD Leioa, CD Vitoria ou SD Amorebieta.

Esta nova incorporación coincide no tempo coa baixa de Christian Martínez.

O xogador Adri Carrín, vallisoletano

nado no 2002 e procedente do Rayo Majadahonda tamén se incorporou. Ademais, anteriormente, defendeu as camisetas da SD Laredo, Rácing Rioja e Real Valladolid B en 2ª RFEF, tras formarse nas categorías inferiores do club vallisoletano.

Carlos Torrado tardou algo máis en sumarse á disciplina do Rácing Club Vilalbés. Chega cedido polo CD Lugo ata final de tempada. Nado en 1999, antes de formar parte do club lucense xogou no Coruxo FC en Segunda B e no Arousa SC en Terceira División. Xunto a esta incorporación anunciouse tamén a baixa de Santi Ge-

gunde, logo de tempada e media tralo seu retorno.

Alfredo Rodríguez, Fito, xa é un dos novos xogadores do Rácing Vilalbés, tal e como anunciou o club o día no que se pechaba o mercado de inverno.

O zagueiro, nado no ano 2002, procede do Atlético Arteixo e anteriormente, formara parte da base do RC Deportivo, militando no Deportivo Fabril as dúas últimas campañas.

O novo verdivermello terá por diante loitar para que o club se manteña na categoría, na que milita este ano por primeira vez na súa historia.

Gustavo Santiago e Mónica Nieves lideraron o memorial de Rábade

Gustavo Santiago e Mónica Nieves foron os gañadores da carreira absoluta do XXI Memorial Eduardo Fernández Villamarín que se celebrou en Rábade e que reuniu a preto de 600 atletas.

A proba, que constaba de 7 quilómetros, foi completada por Gustavo Santiago en 20,21 minutos. Xunto a el estiveron no podio Anxo Castro e Antón Gómez.

Na feminina, Mónica Nieves parou o crono en 24,48 minutos, precedendo a Andrea Iglesias e Patricia Varela.

Nas categorías de menores, o grupo xuvenil estivo gobernado por Aarón Crende, Samuel Fernández e Ángel López na masculina, así como Lucía Cando, Eugenia Vérez e Claudia Morán, na feminina.

No segundo grupo, entre os nados entre 2012 e 2015, o gañador foi Mateo Cupeiro, seguido de Sergio



Coira. Na feminina gañaron Lara López e Daniela Mourín. Completaron o podio Nicolás Mourín e Gabriela López entre os máis novos.

Este memorial, que celebrou a XXI edición contou coa participación do fillo do homenaxeado, Óscar Fernández, que fixo a entrega de premios xunto á alcaldesa, Reme González, e o concelleiro Carlos González. A familia recibiu un agasallo como recordo a este atleta.



Troitas Bravas triunfa na última xornada de billarda

Por Daniel Rodríguez Saavedra.

Despois do éxito da pasada tempada, a LNB volveu a Castropol para celebrar o segundo aberto en terras Asturianas. Como sempre os Troitas Bravas deron o do de peito para sacar adiante este magnífico aberto coa inestimable colaboración do Concello. Parabéns compañeiros. Organización perfecta.

O tempo estupendo para xogar a billarda aínda que o bravo terreo puxo abondos atrancos aos 65 palanadores participantes (44 homes, 13 donas e 8 cativos).

Tres palanadores sobresaíron por riba dos demais. Sachas (Troitas Bravas) por cuarta xornada consecutiva sube o podio, desta volta no máis alto cun pleno de 25 puntos. Con

24 e despois dun desempate, Basilio (Billardeiros Musicais) e Muriego (Remourelle Bulls) foron os seus acompañantes. En donas, Sandra (Troitas Bravas) fixo o propio co seu compañeiro e superou a Cris e a Vanesa (de Castiñeiro Milenario).

En infantís, como sempre os cracks Mateu e Diego (Madia Leva) impoñen a súa lei, e Alejandra (Troitas Bravas) foi terceira. Malia as dificultades e a bravura do terreo, outra Troita Brava, Tonho, foi quen de facer un Varado, o terceiro que se acaba na tempada.

Por equipos, novamente Troitas Bravas soben o máis alto, por diante de Billardeiros Musicais e de Madia Leva, consolidándose na primeira posición da xeral.

COLABORACIÓN

Ensino e redes sociais

O PUPITRE



Julio Díaz

As redes sociais xogan un papel clave no actual mundo dixital, xa que modifican a forma en que planificamos, interactuamos e, incluso, gozamos das nosas vidas.

As redes sociais teñen actualmente unha gran importancia na vida dos adolescentes. O labor das familias e dos centros educativos resulta imprescindible para aproveitar as posibilidades que ofrecen e frear os perigos que suscitan.

O mundo dixital chegou para revolucionar a forma de vida da nosa sociedade cambiando tamén a planificación e interacción no noso ámbito educativo. Hoxe en día, resulta evidente que as redes sociais no ensino son unha ferramenta fundamental para impulsar un novo modelo de ensino - aprendizaxe do noso alumnado.

Nas últimas décadas as redes sociais chegan ao público infantil e xuvenil proporcionando unha ampla información que anteriormente tiñan restrinxida. De feito, a única maneira que tiñan antes de aprender era ler un tema ata chegar a memorizalo mais, isto cambiou coa evolución do uso das TICs no ensino, xa que o emprego das distintas plataformas pode resultar beneficioso na aula e permitir a adquisición de coñecementos doutro xeito.

Fai anos era case inimaxinable que un alumno colaborara con outro que vivía no outro extremo do mundo. Hoxe, estudantes de diferentes centros educativos e de diferentes países poden compartir coñecementos, intercambiar proxectos e traballar en equipo. Isto é especialmente relevante nos programas Erasmus, xa que as redes permiten que, previamente á mobilidade, os alumnos se coñezan compartindo gustos, afeccións... e posteriormente, permitindo amosar publicamente tanto as actividades realizadas como os materiais elaborados nese

período de traballo compartido. Son de feito as familias dos alumnos implicados no proxecto as primeiras beneficiadas desa impresionante canle de información. Este é o concepto de rede social, o de promover a socialización dos usuarios.

Os beneficios do uso das redes sociais na educación van desde ensinar ao alumno a aprender por si mesmo ata promover o uso das TICs. Isto permítelle desenrolar as competencias dixitais e tecnolóxicas necesarias para explorar diferentes proxectos educativos, fomentando o valor de compartir e colaborar ao tempo que toman conciencia de socializar e traballar en equipo mediante unha procura de información distinta, que pasa de ser unha tarefa tediosa a ser amena e colaborativa.

Son múltiples os exemplos de como usar as redes sociais no ensino. Pode crearse un grupo privado para organizar debates, asumindo diferentes roles para aprender a empatizar e respectar outras opinións. Pódense compartir traballos e proxectos fei-



tos na clase ou, así mesmo, buscar fake - news, tuitear nunha lingua estranxeira, documentar un tema con fotografías, crear un vídeo, localizar imaxes para situar en mapas xeográficos, crear un álbum de clase coas saídas fóra do centro, escoitar outros idiomas...

Son moitos os beneficios que ofrece o uso das redes sociais na aula pero sempre hai que ter presente os seus posibles efectos negativos, xa que para algún estudante vólvese tan natural buscar información en redes que a resolución de consultas

tradicionais resulta complicado. O seu uso intensivo tamén pode derivar en que se acabe navegando por moitas redes aumentando deste xeito a distracción ou que, incluso, este uso intensivo acabe afectando á comunicación interpersonal entre os rapaces.

En definitiva, o uso das redes sociais vai máis aló do entretemento e socialización. Cun control adecuado pode ser tamén un método educativo eficaz que, ademais, parte coa vantaxe de que nos conecta cuns alumnos nativos dixitais.

Anuncio mediático

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Vai por dezasete anos desde que se publicou no Boletín Oficial do Estado (B.O.E.) a chamada Lei de Dependencia.

A súa entrada en vigor significaba recoñecer uns dereitos subxectivos a aquelas persoas que precisasen de apoios externos na súa cotidianeidade, garantíndolle o acceso a servizos tales como residencia, centro de día ou atención no domicilio; así mesmo, existía a posibilidade de obter unha prestación económica porque se daban as circunstancias que a persoa dependente estaba a ser atendida no entorno familiar. Foi esta última a que colapsou os servizos sociais dos concellos daqueles primeiros meses, xa que era o obxectivo da inmensa maioría das solicitudes presentadas. Lembrámolo ben aqueles que nos tocou realizar as correspondentes

tramitacións dos cidadáns que non disimulaban o seu excepticismo sobre se chegarían ou non a beneficiarse das denominadas libranzas que se anunciaban. Non foi sen tempo, pero paseniño empezaron a chegar as primeiras resolucións, nalgúns casos con cantidades considerables que tapaban as bocas dos que non escatimaban negativos presaxios. Incluso a cuidadora -a inmensa maioría eran e son mulleres- tiña a opción de darse de alta como cotizante no réxime especial que se creou na Seguridade Social, cotización que realizou nos primeiros anos o Estado directamente. Logo virían os recortes, reducindo as cantidades á mínima expresión e quitando a cotización gratuíta. Ben é certo que moitos solicitantes quedaban polo camiño, xa que lamentablemente falecían antes de finalizar todo o proceso, co conseguinte malestar creado. Nestes dezasete anos de percorrido, asistimos á construción de centros residenciais e de día, así como nun incremento exponencial das horas de axuda no fogar

que se ofrecen desde as entidades locais. O efecto na creación de emprego, feminino e local, foi de enorme valor.

Agora estase anunciando sen escatimar medios a axuda de cinco mil euros anuais para as familias con dependentes a cargo, creando unhas expectativas enormes entre a cidadanía. É o denominado Bono Coidado. Cómpre sinalar que dita contía será para aqueles que xa son beneficiarios da libranza na contorna familiar, que na nosa bisbarra segundo datos, rondaría os cinco centos perceptores. O efecto chamada non se fixo agardar e os que teñen persoas maiores a cargo están acudindo en masa aos servizos sociais municipais para presentar a solicitude do devandito bono.

Estamos na época que xa sabemos e comprobábase co paso do tempo como se desenvolve esta medida e a cantos satisfará. Que as administracións competentes apoiem economicamente aqueles domicilios onde as persoas maiores son atendidas directamente por algún ou varios con-

O RECUNCHO DE CANELINA



vivintes, semella ser de xustiza. Recoñecer e por en valor ese traballo moitas veces invisible de mulleres -repetimos: a práctica totalidade dos cuidadores son de sexo feminino- quen facilitan unhas atencións que fan que eses dependentes podan seguir no seu entorno de sempre, evitando

así que acaben nun centro residencial.

Pero bótase en falta levar a cabo unha planificación a medio e longo prazo. Somos unha poboación avellentada que precisará algo máis que axudas económicas directas e coxunturais. E aí é onde se atopa o verdadeiro desafío.

Luís de Fabete

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Xé Luís Teixido Comba naceu no ano 1949 na casa de Fabete da aldea da Reboira, polo que tamén é coñecido como Luís de Fabete. Este veciño da parroquia de Díaz Castro é unha persoa amante e coñecedor da natureza, das plantas e dos animais, dos que sabe até os seus nomes científicos. Ademais dunha gran enciclopedia vivinte que coñece moitas historias e a xeografía dos Vilares é tamén un artimañas que aprendeu facer de todo naquel tempo no que os cativos tiñamos que construír os nosos propios xoguetes e, agora, o mesmo restaura unha casa de pedra que un coche antigo, dándolle valor a todo o que toca. Sempre se interesou por saber como funcionaban as cousas e quería verlles as tripas desmontándolas para logo poder facelas. Xa de neno era un argalleiro e fixo un carrete de pescar de madeira para poñer nunha cana de bambú, pero o que mais lle gustaba, cando ía coas vacas, era facer pequenos encoros nos regos con pedras e con lousas e despois poñía un muíño que daba voltas coa auga.

Aprendeu as primeiras letras na escola habaneira dos Vilares, na que so estivo un ano con don Andrés Pérez Carballeira, do que garda un grato recordo, pero ao ano seguinte pasou á escola de Drada porque lle quedaba mais cerca. Cando rematou a escola empezou a estudar electrónica por correspondencia en "Eratele" de Barcelona, á que lle mercou catorce libros grosos e logo mandáballe o material electrónico correspondente a cada capítulo para facer os exercicios prácticos. Di que era un sistema moi doado e que non aprendía quen non quería. Despois, cando rematou o curso, mercaba todas as pezas necesarias e montaba radios e televisores para os veciños; un dos primeiros televisores que fixo foi para a casa de Díaz Castro.

Máis tarde, en 1970, montou un taller de electrónica en Guitiriz, pero debido a súa bonhomía preocupábase mais polo servizo aos clientes que de gañar cartos. Gustáballe a electrónica pero rematou canso. Sempre conseguiu facer funcionar un aparato, pero xa vía que a reparación electrónica íase acabar e hoxe xa non se amaña nada. Ademais, ninguén quería amañar aparellos, debido a que levaba moito tempo dar co compoñente do circuito que fallaba, polo que en 2002 deixou o taller, para traballar de capataz nunha contra-

ta de Telefónica e un ano mais tarde encargouse do mantemento eléctrico, electrónico e doutras ramas no "Grupo Teixido".

No ano 2006 foi elixido Presidente do monte comunal da parroquia dos Vilares, un cargo público que, estivera quen o estivera ocupando, sempre se oíron mais ou menos críticas pola forma de gobernar a Asociación (con razón ou sen ela, que este que escribe non entra niso), pois é difícil que a labor de Presidente sexa recoñecida por todos os socios do monte, sen embargo nunca oín que fixeran unha crítica contra Luís. El pasou desapercibido, non porque non traballara, pois cando colleu a presidencia xa pensaba que calquera cargo público ten que mirar polos intereses colectivos da sociedade e non polos seus intereses particulares, que había que darlle aos socios as contas moi claras dos ingresos e dos gastos, procurando que a xente non tivera motivos que crearan desconfianza, así que lle podemos aplicar ese dito futbolístico de que o mellor árbitro é o que pasa desapercibido.

A súa intención era producir madeira na maior parte posible do monte, pois sabía que das novecentas e pico hectáreas que tiñan, centos delas estaban a toxos e non producían madeira, pois había moitas calvas que non estaban plantadas, polo que







quería plantalas todas, aproveitando as subvencións públicas que tiñan daquela. Durante a súa presidencia plantou sesenta e cinco hectáreas sen coste adicional, pero non consideraba suficiente o apoio dalgúns socios, polo que no 2010 deixou a presidencia e aínda que lle pediron que se presentara outra vez negouse rotundamente.

Debido ao desempeño dese cargo e haber nacido cerca do cordal de Montouto, coñece, como xa dixemos, a súa xeografía, as lendas, as impresionantes rochas e as súas mámoas; incluso, no ano 2016, descubriu a mámoa das Carriceiras, descoñecida até esa data. No outubro dese ano, fixo de cicerone nunha andaina guiada que organizou a Lareira de Soños por esa serra, para ver

as lindes do monte a as súas rochas e foi unha marabilla escoitalo.

Agora, desde que se xubilou, a súa grande afección é a fotografía, viaxa polas costas e montañas de toda Galiza para fotografar os lugares mais fermosos da nosa xeografía, que gañan mais fermosura aínda nas súas fotos. É un gran especialista en fotografar animais e aves, coas que ten moita paciencia e algunha complicidade para que non escapen e incluso lle amosen amigablemente a súa mellor face, conseguindo unhas preciosas fotos que xa foron expostas na escola habaneira de Guitiriz, na biblioteca de Xermade e na Asociación de veciños de Cospeito, organizadas tamén pola Lareira de Soños. Todo un artista.

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN Concello: 982 50 80 21 Garda Civil: 982 50 80 11 Centro de Saúde: 982 50 81 22	COspeITO Concello: 982 52 00 01 / 982 50 40 57 Garda Civil: 982 52 00 17 Centro de Saúde (cita previa): 982 52 01 20 Feira do Monte: 982 50 34 69 Consultorio de Muimenta: 982 50 40 57	MEIRA Concello: 982 33 01 02 Garda Civil: 982 33 00 04 Centro de Saúde: 982 35 69 27 Cita previa: 982 33 02 40	POL Concello: 982 34 50 29 Garda Civil: 982 33 00 04 Centro de Saúde: 982 34 59 20 / 982 34 53 76
A PASTORIZA Concello: 982 33 21 97 / 982 33 21 60 Garda Civil: 982 34 90 20 Centro de Saúde: 982 33 21 41	FRIOL Concello: 982 37 50 01 Garda Civil: 982 37 50 02 Centro de Saúde: 982 37 10 98 Cita Previa: 982 37 10 05	MURAS Concello: 982 50 00 01 Garda Civil: 982 50 00 20 Centro de Saúde: 982 50 01 23	RÁBADA Concello: 982 39 00 62 / 982 39 00 52 Garda Civil: 982 39 00 05 Centro de Saúde: 982 39 01 01
AS PONTES Concello: 981 45 31 16 Policía Local: 981 45 31 91 Garda Civil: 981 45 00 05 Centro de Saúde (cita previa): 981 45 12 51	GUITIRIZ Concello: 982 37 01 09 / 982 37 58 00 Garda Civil: 982 37 00 01 Centro de Saúde: 982 37 21 10 Parga P.A.C.: 982 37 05 00	OUTEIRO DE REI Concello: 982 39 32 81 / 982 39 30 55 Garda Civil: 982 39 00 05 Ambulancia: 982 23 16 13 Centro de Saúde: 982 39 25 98 Cita previa: 982 39 32 67 P.A.C.: 982 39 34 00	RIORTORTO Concello: 982 34 62 22 Garda Civil: 982 34 22 22 Centro de Saúde (cita previa): 982 34 66 63
BEGONTE Concello: 982 39 61 43 Garda Civil: 982 39 80 08 Centro de Saúde: 982 39 69 02			VILALBA Concello: 982 51 03 05 / 982 51 07 16 Policía Local: 982 51 07 67 / 608 08 00 50 Garda Civil: 982 51 03 07 Centro de Saúde (cita previa): 982 51 03 11
CASTRO DE REI Concello: 982 31 40 34 / 982 31 41 32 Garda Civil: 982 31 40 02 Centros de Saúde (cita previa) 982 21 10 18 Castro de Rei: 982 31 42 11 Ribeiras de Lea: 982 31 11 14	TELÉFONOS DE INTERESE		XERMADA Concello: 982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27 Garda Civil: 982 50 10 08 Centro de Saúde: 982 50 11 34 / 982 50 10 55
	 Emerxencias: 112 Urxencias Sanitarias: 061		 Incendios Forestais: 085 Garda Civil: 062
	 Emerxencias: 112 Urxencias Sanitarias: 061		 Incendios Forestais: 085 Garda Civil: 062

 Teléfonos: www.terrachaxa.com

TERRACHAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfonos: 661 464 323 - 673 903 924
E-mail: redaccion@terrachaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU-517-03
ISSN 2660-4507

Teléfono 661 464 323

redaccion@terrachaxa.com

Os artigos de opinión publicados reflicten unicamente posturas persoais dos seus autores. O contido dos artigos será responsabilidade do seu autor. Este medio non se responsabiliza das opinións e ideas incluídas no mesmo.

DE RUTA EN RUTA

Pol: Ruta da Fraga de Romeor

Dá comezo na localidade de Rioxoán para percorrer 18 quilómetros de paisaxes cambiantes declarados Reserva da Biosfera

A ruta da Fraga de Romeor é de 18 quilómetros de lonxitude e unha duración aproximada de catro horas, apta tamén para cicloturismo. No ano 2002, máis de trescentas mil hectáreas da provincia de Lugo, encadradas na conca alta do Miño e unha pequena proporción da súa conca media, así como os seus bordos montañosos, foron declaradas pola Unesco Reserva da Biosfera.

Nunha paisaxe sempre cambiante onde os usos agrícolas foron compatibles coa conservación do medio, destacan os ecosistemas asociados á superficie de zonas húmidas, tanto de montaña como vinculados a chairas como a de Terra Chá. Esta reserva da Biosfera abarca varios municipios entre os que se atopa o concello de Pol e con esta ruta da Fraga de Romeor poderemos coñecer un pouco máis este espazo natural da provincia de Lugo. A ruta dá comezo no pobo de Rioxoán, máis concretamente na súa área recreativa. Nos primeiros momentos desta ruta camiñaremos entre terreos de cultivo para a continuación adentrarnos en montes nos que poderemos observar principalmente piñeiros que son moi



DATOS



4 horas



18 quilómetros



Dificultade baixa

frondosos na zona do val. Continuaremos o noso camiño en dirección a Orán coñecendo o seu monte e observando a fermosa paisaxe que o rodea. Na parte final deste tramo chegaremos a un dos puntos máis altos da ruta, un miradoiro situado a máis de 800 metros de altitude e dende onde

poderemos ver os concellos de Baleira e Ribeira de Piquín. Dende este punto a ruta segue por un cortalumes en dirección ao Alto da Cima de Valiña e quedando o monte Susá á nosa dereita e a Serra de Paradela á nosa esquerda. Continuando o camiño atoparemos dous novos mira-

doiros. No primeiro poderemos apreciar o Breñal de Murúa e no segundo a frondosidade da Fraga da Marronda, incluída na Rede Natura 2000 e que conta cunha mestura de carballos, faias e castiñeiros. Regresaremos ao momento inicial entre piñeirais adultos e de repo-

boación polos montes de Susá e Valonga ata chegar á estrada LU-750 e á zona peonil que nos levará a área recreativa na que iniciamos a ruta. Ao longo de todo o camiño atoparemos carteis de dirección así como paneis informativos sobre a flora e a fauna da contorna desta ruta do concello de Pol.



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos

- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista



Cursos y Certificados



formación integral de empresas

Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
 alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
 Telf.: 982 51 36 05